



Concello de Vigo
Expte. 5376/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 5/2026

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE MARZO DE 2026

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 23 de febreiro, extraordinaria do 12 de marzo e extraordinaria e urxente do 24 de marzo do 2026.
Declaracións institucionais.
2. Declaración Institucional con motivo do 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 5379/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

3. Seguimento Plan Anual Normativo do Concello de Vigo para o ano 2025; dación de conta. Expediente 1742/110 (Expte. Pleno 5349/1101).
4. Solicitud de compatibilidade de funcionaria de carreira. Expediente 47844/220 (Expte. Pleno 5347/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

5. Modificación Orzamentaria 22/2026 do Orzamento do Concello de Vigo para 2026, aprobación inicial; expte. 101/142. (Expte. Pleno 5337/1101).
- 6.- Modificación Orzamentaria 2/2026 da Xerencia Municipal de Urbanismo para 2026, aprobación inicial; Expte. 18735/407 (Expte. Pleno 5384/1101).

Mocións:

7. Moción do grupo municipal do BNG en favor da Paz, contra o militarismo e para frear as consecuencias da guerra. Expte. 5390/1101.



- 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que modifique o plan funcional do SERGAS para que siga mantendo a actividade sanitaria o centro de saúde Nicolás Peña. Expte. 5392/1101.
- 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que acheguen a mesma cantidade que o Concello para a ampliación da grada de Tribuna do estadio de Balaidos. Expte. 5393/1101.
- 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan específico de cubrición de patios nos centros educativos públicos vigueses. Expte. 5394/1101.
- 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que destinen á Festa da Reconquista de Vigo a mesma achega económica que realiza o Concello de Vigo. Expte. 5395/1101.
- 12. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra á consignación orzamentaria para o aseguramento de rutas nacionais e internacionais dende o aeroporto de Vigo. Expte. 5396/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

- 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo a dialogar e pactar coas entidades sociais e veciñais de Teis, proxectos estratéxicos do barrio como a humanización do Monte da Guía e a praia artificial de A Punta. Expte. 5391/1101.

Resolucións.

- 14. Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2027-2029; dación de conta. Expediente 102/142. (Expte. Pleno 5348/1101).
- 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26, incluídas no Expte. Pleno 5385/1101.
- 16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26, incluídas no Expte. Pleno 5386/1101.
- 17. **Formulación de rogos.**
- 18. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 2 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aguiar Castro, Yolanda
 Alonso Suárez, Olga
 Aneiros Pereira, Jaime
 Caride Estévez, María José
 Espinosa Mangana, Elena
 Estévez Rodríguez, Pablo Luis
 Fernández Pérez, José Manuel
 Iglesias González, Ana Laura
 Iglesias López, Patricia
 Lago Barreiro, M.ª del Carmen
 López Font, Carlos
 Mejías Sacaluga, Ana Maria
 Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 Rivas González, Ángel
 Rodríguez Calviño, Patricia
 Rodríguez Rodríguez, Nuria
 Silva Rego, Mª Carmen

Benavides Alonso, Daniel
 García González, Patricia
 González Abeijón, Fernando
 Martín Peña, Jose Miguel
 Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
 Martínez Piñeiro, Ana
 Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:
 Ilmo. Sr. Alcalde Presidente
 Gómez Díaz, Gorka

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e tres minutos (09:03 h) do día trinta de marzo do ano dous mil vinte e seis (30/03/26), coa Presidencia da 1ª Tenente de Alcalde, sra. Silva Rego, en ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, a Sra. Presidenta declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(40). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 23 DE FEBREIRO, EXTRAORDINARIA DO 12 DE MARZO E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 24 DE MARZO DO 2026.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros presentes da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas,

- Sesión núm. 2/2026 ordinaria, celebrada o 23/02/26
- Sesión núm.3/2026 extraordinaria, celebrada o 12/03/26



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 3 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Sesión núm. 4/2026 extraordinaria e urxente, celebrada o 24/03/26

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(41). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE ABRIL, DÍA INTERNACIONAL DO POBO XITANO. EXPTE. PLENO 5379/1101.

ANTECEDENTES.- Con data do 6.03.25, entra no rexistro electrónico do Rexistro Xeral co núm. W1443602.136, e posteriormente rexistrase co num. Expte. Pleno 5379/1101, escrito da Fundación Secretariado Xitano de Galicia, coa seguinte declaración,

“Declaración institucional con motivo do 8 de abril e da conmemoración dos 600 anos de presenza do pobo xitano na península ibérica

Cúmprese 600 anos da presenza do pobo xitano na península ibérica, feito rexistrado a través dun documento que testemuña que o 12 de xaneiro de 1425 Alfonso V, Rei de Aragón outorgou a Juan, Conde de Egipto Menor, un salvoconduto que lle autorizaba a viaxar libremente na súa peregrinación a Santiago de Compostela.

Desde entón, o pobo xitano está presente na península ibérica, achegando a súa rica expresión artística, o seu léxico, gastronomía, os seus oficios... É imposible imaxinar a cultura española sen que o compoñente xitano forme parte dela. A configuración da nación e a identidade española ao longo dos séculos construíuse tamén inequivocamente cos elementos achegados polo pobo xitano.

A pesar de que pasaron seis séculos e o pobo xitano forma parte esencial do crisol cultural que conforma a sociedade española, o profundo descoñecemento do pobo xitano, da súa diversidade, a súa identidade, a historia e cultura que comparten, están na base do rexeitamento e a discriminación antixitana. O coñecemento que se ten do pobo xitano segue baseado en xeneralizacións, prexuízos ou estereotipos negativos, debido, en boa medida, a que a historia e cultura do pobo xitano seguen ausentes do currículo educativo, e das aulas.

O pobo xitano, tras séculos de persecución, invisibilidade ou intentos de asimilación, merece que se recoñeza o seu papel na construción deste país e se poña en valor a súa historia e cultura. É o momento de facer xustiza có pobo xitano e reparar a súa dignidade.

Coa aprobación da Constitución e a instauración da democracia, o pobo xitano foi alcanzando cotas de igualdade e mellorando as súas condicións de vida. Con todo, son moitos aínda os retos pendentes: os xitanos e as xitanas son máis pobres, teñen un nivel educativo moi inferior á media que condiciona o seu futuro, levan o peso dunha imaxe social negativa e sofren máis discriminación, especialmente as mulleres, e están sistematicamente fóra da esfera pública e os espazos de poder.

Con ocasión deste 600º aniversario, e da celebración do 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano, sumámonos ao compromiso dos poderes públicos para avanzar na igualdade e o recoñecemento do pobo xitano, un recoñecemento que pasa por preservar e promover o seu patrimonio cultural: a súa historia e cultura, así como os símbolos de identidade. Por ese motivo, sumámonos á petición ás autoridades



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 4 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

educativas, centros escolares, editoriais e membros da comunidade educativa, dun compromiso firme para a incorporación efectiva da historia e cultura xitana no currículo educativo.

Para avanzar en igualdade, é necesaria unha resposta decidida fronte á pobreza e a desigualdade estrutural que impiden o progreso social do pobo xitano. E para iso fan falta investimentos e políticas públicas máis ambiciosas e sostidas que lles permitan acceder a un emprego digno, combater o fracaso escolar e a segregación, ou erradicar o chabolismo. É imprescindible tamén un maior compromiso contra o antixitanismo, respostas institucionais e xurídicas firmes ante os casos de discriminación e discurso de odio.

Para rematar, invitamos o conxunto da sociedade a coñecer a historia e cultura do pobo xitano, os valores e tradicións sobre os que se sustenta a súa identidade; invitámosvos a celebrar xuntos estes 600 anos de historia compartida.”

Por invitación da Presidencia, D^a Andrea Jales Bastos e D^a Marina Pereira dos Anjos deron lectura ao texto da declaración institucional, que fora presentado no Concello.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(42). SEGUIMIENTO PLAN ANUAL NORMATIVO DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2025; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 1742/110 (EXPTE. PLENO 5349/1101).

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do secretario xeral do Pleno, de data 4 de marzo 2026, que di o que segue,

«Asunto.- Seguimento do Plan Anual normativo do Concello de Vigo para 2025.

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión de 31/08/2017, desenvolvendo o sinalado no artigo 132.1 da Lei 39/2015, aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa”.

2.- Plan anual normativo correspondente ao ano 2022 do concello de Vigo. Informe do secretario xeral do Pleno, de data 11/03/2025, sobre seguimento do mesmo (expte. 1696/110, trámite 101). Dación de conta: Pleno seión 7/2025 ordinaria do 31/03/2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 5 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 8/11/2024, aprobou o proxecto do Plan anual normativo municipal para 2025. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en data 18/11/2024, ditaminou favorablemente esa proposta.

O Pleno, en sesión ordinaria de data 25/11/2024, punto 4 da acta da sesión (expte 4714/1101), aprobou o Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2025 (expte 1742/110) no que se incluían as seguintes normas:

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.
- Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

O anuncio do acordo referido foi publicado no BOP de Pontevedra (en adiante BOPPO) núm. 235 do 03/12/2024 e na web municipal:

<https://transparencia.vigo.org/?id=250&tipo=data&ita=0&lang=es>

4.- Mediante comunicacións de data 11/02/2026 (trámites 43 a 51 do expte electrónico 1742/110) esta Secretaría dirixiuse ás distintas Áreas e Servizos municipais que incluiron proxectos normativos para o ano 2025 ao obxecto de que emitiran informe do grado de cumprimento da previsión normativa proxectada. Transcorrido o prazo sinalado só tres das áreas ou servizos que no seu día propuxeron a inclusión de proxectos normativos no Plan Normativo do ano 2025 teñen respondido ao requirimento de informe.

Normativa aplicable.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPACAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL)
- Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno (no que sexa adaptable á Administración Local).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno (Lei 19/2013).
- Directrices para a elaboración do "Plan Anual Normativo e avaliación normativa posterior", aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 31/08/2017 (expte 1464/110).

Cumprimentando o sinalado nas Directrices do Plan Normativo emítese, para o coñecemento do Pleno, o seguinte,

INFORME

Primeiro.- Cumprimento do Plan anual normativo 2025

I.- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (Área Tribunal Económico Administrativo, en adiante TEA)

Regulamento vixente: Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo Pleno do Concello 14/06/2004 (BOPPO núm. 113 do 15/06/2004).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 6 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Consta que o TEA, no expte 6100/550, realizou o trámite da iniciativa regulamentaria "para a modificación do regulamento orgánico do Tribunal Económico Administrativo do concello de Vigo". A esta Secretaría non lle consta que polo área ou servizo correspondente se continuase coa tramitación do regulamento planificado. Non consta resposta á solicitude formulada por esta Secretaría Xeral do Pleno de data 11/02/2025 (trámites 43 e 48 do expte 1742/110), citada no antecedente catro.

II.- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.

Ordenanza vixente: Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa aprobada polo Pleno do Concello do 28/10/2013 (BOPPO núm. 235 do 09/12/2013), modificada en varias ocasións nos seus anexos (última modificación publicada no BOPPO núm. 111 do 17/06/2024).

En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 11/02/2026 (trámites 44 e 49 do expte 1742/110) a Xerencia de Urbanismo (XMU) responde o 20/02/2026 (trámite 54 do 20/02/2026) o seguinte: " ... infórmolle que mediante Decreto da Concelleira Delegada do Área de Urbanismo de 29 de xaneiro de 2005 adoptouse o acordo de incoar expediente administrativo para a tramitación da modificación da "ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA." a fin de adaptarse ós cambios legislativos operados con posterioridade a súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local na sesión do 21 de febreiro de 2025 acordou abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a elaboración e aprobación da modificación da "Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2013".

Realizado o preceptivo trámite de consultas procedeuse á redacción do borrador da Ordenanza e a súa adaptación á PXOM definitivamente aprobado polo Pleno do Concello na sesión de 26 de maio de 2025 y publicado en el DOG n.º 123 de 23 de xunio, una vez inscrito no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia (7/07/2015) e publicado o texto no BOP n.º 46 de 4 de agosto de 2015.

A necesidade de adaptación do borrador de Ordenanza á PXOM definitivamente aprobado e a consulta do texto cos diversos departamentos da Xerencia, motivaron que o seu texto non se pechase ata o 20 de novembro de 2025, momento no que foi sometida aos informes xurídicos pertinentes e á aprobación do proxecto polo Consello da Xerencia que, por fin, realizouse o pasado 27 de xaneiro do corrente. Momento a partir do que se somete ás consideracións dos grupos políticos, e ao seu informe, propoñéndose a súa aprobación inicial para o Consello da Xerencia celebrado o día 17 de febreiro e poder incluír, así, a súa aprobación inicial na sesión plenaria do próximo 23 de febreiro, habéndose xa incluído na orde do día desta sesión.

A necesidade de adecuar o texto da normativa vixente e planeamento xeral recentemente aprobado, xunto coa intención de recoller as suxestións de dos sectores profesionais mais directamente afectados, e a necesidade de informes municipais motivaron la demora na súa tramitación."

A "Ordenanza Municipal Reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no concello de Vigo" foi aprobada inicialmente



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 7 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

polo Pleno en sesión de data 23/02/2026 (punto 5 da acta da sesión) (Expte 1107/400)

III.- Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo (Servizo Secretaría de Goberno Local).

En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 11/02/2026 (trámites 45 e 50 do expte 1742/110) o Servizo responde en informe de 17/02/2026 (trámite 53 do 18/02/2026) o seguinte: "[...] consta que en data 20.10.2025 por Resolución da Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal incoar expediente de elaboración do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Vigo baixo a instrución da Secretaría de Goberno Local (expte 1965-1102)

Trala incoación do expediente, esta Secretaría elaborou o borrador do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Vigo que, actualmente, con motivo da consulta previa do Anteproxecto da Lei de administración local de Galicia está en fase de análise e estudo.

Respecto ao incumprimento do plan normativo 2025, infórmase que razóns de seguridade xurídica aconsellaron demorar a tramitación do regulamento á publicación da resolución do recurso de casación núm. 849/2023 por parte do Tribunal Supremo pola súa especial incidencia nos municipios de gran poboación respecto a regulación do persoal directivo. En setembro de 2025 publicouse a sentenza do Tribunal Supremo núm. 2423/2025 procedendo posteriormente a incoación do expediente e elaboración do borrador do regulamento conforme o anteriormente sinalado."

Consta que o Servizo de Secretaría de Xunta de Goberno, no expte 1965/1102, realizou o trámite de resolución de inicio do expediente. A esta Secretaría non lle consta que polo servizo correspondente se continuase coa tramitación do regulamento planificado.

IV.- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais (Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo)

En resposta á solicitude formulada pola Secretaría Xeral do Pleno de data 11/02/2026 (trámites 47 e 51 do expte 1742/110) o Servizo responde o 12/02/2026 (trámite 52 do 13/02/2025) o seguinte: "O Servizo de Cemiterios inicio no ano 2025 o expediente 13859/255, para a tramitación e aprobación da dita ordenza.

Ten técnicamente redactado o texto do proxecto da devandita Ordenanza, pendente de revisión dalgúns aspectos derivados da regulación das novas instalación de depositos cinzas, cuarterión 13 do Cemiterio de Pereiró, cuxas obras foron rematadas e recibidas en datas pasados deste ano 2016, para continuar cos tramites para a aprobación destas.

O Servizo de Cemiterios tamen ten realizado, os trámites de consulta pública previstos no artigo 133 da LPACAP para a elaboración da Ordenanza reguladora do servizos públicos dos cemiterios municipais co obxecto de harmonizar os cambios producidos na regulación de sanidade-mortuoria, expte. 12723/255.

O Servizo de Cemiterios non dispón de ningún técnico de administración especial nin de administración xeral polo que a súa dependencia directa da xefatura de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo que dirixe os servizos (Medio Ambiente, VigoNature, Omic, Sanidade, Laboratorio, Cemiterios, Control de Pragmas) e os traballos que xeran estes servizos, incluídos os do propio Servizos de Cemiteiros: contraccións, inhumacións, transmisións de ninchos, impidiu abordar os traballos de elaboración da Ordenanza coa celeridade precisa."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 8 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No DOG núm. 177 do 18/09/2023 foi publicado o Decreto 129/2023, de 31 de agosto, de sanidade mortuoria de Galicia.

Consta que o Servizo de Medio Ambiente, no expte 12723/255, realizou o trámite de consulta pública previa (acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 05/05/2022 (punto 8 da acta da sesión) e publicouse na web do Concello de Vigo, en data 18/05/2022 o anuncio da apertura do trámite de consulta pública previa durante un prazo de 20 días hábiles. O último trámite (46) que consta nese expediente é a dilixencia de 31/01/2025 da xefatura do servizo co resultado negativo da consulta pública realizada. Non constan mais trámites.

Consta que o Servizo de Medio Ambiente, no expte 13859/255, realizou o trámite de resolución de inicio do expediente "para a aprobación dunha ordenanza reguladora do servizo público de cemiterios municipais co obxecto de harmonizar os cambios producidos na regulación de sanidade mortuoria".

Segundo.- Outras iniciativas regulamentarias non incluídas no Plan anual normativo 2025.

I.- Modificacións de ordenanzas fiscais, de prezos públicos e de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario. Área de goberno de Orzamentos e Facenda – Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada.

As modificacións das ordenanzas fiscais, de prezos públicos e de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario que a continuación se indican, polo que ao obxecto deste informe se refire, seguiron os seguintes trámites relevantes:

- Aprobación inicial Pleno ordinario do 29/09/2025
 - Exposición pública: BOPPO núm. 190 do 06/2025.
 - Publicación do texto íntegro da modificación (ao non terse presentado alegacións durante o período de exposición pública): BOPPO núm. 229 do 28/11/2025 .
- 1) Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (expte 3292/500):
artigo 8.- Cota tributaria
 - 2) Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (expte 3293/500):
artigo 8.- Coeficiente único e índices de situación
 - 3) Ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das escolas municipais de música e artes escénicas (expte 3294/500):
artigo 3.- Contía.
 - 4) Ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes (expte 3294/500):
artigo 5.- Reducións nos prezos públicos (exencións e bonificacións).
artigo 6.- Definición de términos para aplicación da presente ordenanza.
artigo 9.- Prezos públicos para espectáculos, actividades culturais e outros.
artigo 10.- Prezos públicos para clubs e entidades deportivas.
artigo 11.- Prezos públicos para actividades deportivas, de recreo, tempo libre e ocio
artigo 12.- Prezos públicos en programas de ensinanza e promoción deportiva
artigo 13.- Prezos públicos por outros conceptos e usos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 9 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5) Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos (expte 3296/500)
artigo 5.- Tarifas

II.- Regulamento de organización e funcionamento da mesa xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do concello do concello de Vigo. Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal – Secretaría da Xunta de Goberno Local (expte electrónico 1849/1102).

Tramitación.-

- Consulta pública previa á redacción do texto: Non se aplicou ao tratarse dunha norma regulamentaria de carácter orgánico. No expte 1849/1102 consta remisión ás organizacións representativas dos empregados públicos (trámites 45 a 47).
- Informe proposta: 23/06/2025.
- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 27/06/2025 (punto 26 da acta da sesión).
- Informe proposta: 30/07/2025.
- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 08/08/2025 (punto 13 da acta da sesión).
- Aprobación inicial polo Pleno: 12/09/2025 (punto 4 da acta da sesión).
- Información pública: BOPPO núm. 183 do 25/09/2025.
- Aprobación definitiva polo Pleno: Non foi necesaria ao non terse presentado alegacións durante o período de exposición pública.
- Publicación do texto íntegro do regulamento: BOPPO núm. 221 do 18/11/2025

III.- Ordenanza municipal reguladora da implantación, intensidade e funcionamento das vivendas de uso turístico (VUT) e dos apartamentos e vivendas de uso turístico (AT). Xerencia Municipal de Urbanismo. Expte electrónico 129198/421.

Tramitación.-

- Consulta pública previa á redacción do texto: Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) 22/07/2025. Xunta de Goberno Local 01/08/2025.
- Publicación no Portal Web do Concello: 06/08/2025.
<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/publicidadnormas.jsp>
- Informe proposta: 22/01/2026.
- Proposta do proxecto polo Consello XMU: 27/01/2026 (punto 3 da acta da sesión).
- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 30/01/2026 (punto 16 da acta da sesión).
- Ditame do Consello XMU en funcións de comisión informativa: 17/02/2026 (punto 3 da acta da sesión).
- Aprobación inicial polo Pleno: 23/02/2026 (punto 6 da acta da sesión).

IV.- Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas. Área de goberno de Orzamentos e Facenda – Dirección de Ingresos e Xestión catastral delegada. Expte electrónico 3302/500.

Tramitación.-

- Consulta pública previa á redacción do texto: Xunta de Goberno Local 22/08/2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 10 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Publicación no Portal Web do Concello: 25/08/2025.
<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/publicidadnormas.jsp?id=4874&lang=gal>
- Informes dos servizos municipais (trámite 32 do expte 3302/500)

V.- Ordenanza fiscal reguladora do recargo municipal sobre o imposto autonómico ás estancias turísticas. Área de goberno de Orzamentos e Facenda – Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada. Expte electrónico 3303/500.

Tramitación.-

- Consulta pública previa á redacción do texto: Xunta de Goberno Local 22/08/2025.
- Publicación no Portal Web do Concello: 25/08/2025.
<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/publicidadnormas.jsp?id=4875&lang=gal>
- Informes dos servizos municipais (trámites 24 a 29 do expte 3303/500)

VI.- Ordenanza zona de baixas emisións. Área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal – Área de Seguridade e Mobilidade.

A creación e aprobación das zonas de baixas emisións (ZBE) esixe a previa aprobación dun proxecto co contido mínimo establecido no Real Decreto 1052/2022, e a súa posterior regulación a través de ordenanza municipal.

Existen dous expedientes relacionados: Expte electrónico 142483/210 (que leva por título no xestor de expedientes "Ordenanza baixas emisións") e expte electrónico 142482/210 (que leva por título no xestor de expedientes "Proxecto técnico zona de baixas emisións"). A pesar do título do expte 142482/210 no xestor de expedientes, é neste no que "parece" que se está a tramitar a futura ordenanza.

No informe-proposta de data 24/07/2025, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e conformado pola concelleira da Área de Goberno, do expte 142482/210, no seu fundamento terceiro indica:

"Tercero.- Simultaneidade de publicidade do proxecto e da consulta pública sobre futura ordenanza das ZBE.

Dada a íntima conexión entre o contido do proxecto e o da futura ordenanza reguladora das ZBE, resulta enteiramente apropiado aproveitar, en unidade de trámite, unha e outra"

Tramitación (expte 241482/210 "Proxecto técnico zona de baixas emisións").

- Informe-proposta de data 24/07/2025.
- Consulta pública previa á redacción do texto: Xunta de Goberno Local 05/09/2025 (aprobación do proxecto).
- Publicación no Portal Web do Concello: 10/09/2025.
https://hoxe.vigo.org/actualidade/avisos_vigo.php?id=2949&lang=gal
- Aprobación definitiva do proxecto de Zonas de Baixas Emisións: Xunta de Goberno Local 19/12/2025.

Tramitación (expte 241483/210 "Ordenanza baixas emisións").

- Informe-proposta de data 24/07/2025.
- Aprobación provisional proxecto de Zonas de Baixas Emisións: Xunta de Goberno Local 05/09/2025.
- Consulta pública previa á redacción do texto: Xunta de Goberno Local 05/09/2025 (aprobación do proxecto).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 11 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Publicación no Portal Web do Concello: 10/09/2025.
https://hoxe.vigo.org/actualidade/avisos_vigo.php?id=2949&lang=gal
- Aprobación definitiva do Proxecto de Zonas de Baixas Emisións: Xunta de Goberno Local 19/12/2025 (expte 142482/210)

Terceiro.- Órgano competente.

As Directrices do Plan Normativo sinalan, "A *Secretaría xeral do Pleno elaborará no primeiro trimestre de cada ano Informe Anual que reflectirá o grado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano anterior e as iniciativas adoptadas non incluídas inicialmente no Plan; o informe será elevado ao Pleno para o seu coñecemento e publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.* As *Concellerías delegadas remitirán antes do 31 de xaneiro á Secretaría xeral do Pleno as razóns xustificativas dos eventuais incumprimentos do Plan Anual Normativo do ano anterior*" (Directriz sétima, aprobadas pola XGL en sesión do 31/08/2017, punto 16 da acta da sesión).

Damos por reproducidas as consideracións que en relación con este punto foron emitidas no informe desta secretaría de 17/03/2025 de seguimento do Plan Normativo Anual do Concello de Vigo para o ano 2022, expediente 1696/110 (trámite 101), e no informe proposta de 04/11/2024 do Plan Anual normativo do Concello de Vigo para 2025, expte 1742/110 (trámite 13).»

DITAME. Con data 23 de marzo de 2026, a Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, toma coñecemento do informe do secretario xeral do Pleno.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento do informe do secretario xeral do Pleno, de data 4 de marzo de 2026, que consta no expte electrónico 1742/110.

4.(43). SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DE FUNCIONARIA DE CARREIRA. EXPEDIENTE 47844/220 (EXPTE. PLENO 5347/1101).

ANTECEDENTES: Con data 28 de xaneiro a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, co conforme da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

«ANTECEDENTES

I.-Por acordo do plenario do Concello de Vigo de data 12 de setembro de 2025, acordouse estimar a solicitude de autorización de compatibilidade á funcionaria D^o B. Arranz González, enxeñeira industrial do subgrupo A1, con número de persoal 83606, coa actividade de profesora substituta a tempo parcial na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros/as Industriais da Universidade de Vigo, Grao de Enxeñaría Eléctrica,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 12 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización.

II.- D. B. Arranz González, o día 26/11/2025, empregada municipal con número de persoal 83606, con praza de enxeñeira industrial e posto de xefa de electromecánicos, solicita nova autorización de compatibilidade coa actividade de profesora substituta a tempo parcial, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo, logo da proposta polo órgano de valoración de nomeamento como xefa de electromecánicos.

III.- A solicitante, foi nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/12/2025 para desempeñar co carácter definitivo o posto de "Xefa de electromecánicos", tomando posesión de dito posto o día 07/01/2026.

IV.- Consta a seguinte documentación:

1. Certificado de compatibilidade de horarios emitido polo secretario do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos da Universidade de Vigo e co número de horas a impartir en todo o curso académico (90 horas en total). (expte 47163-220)

2. Certificado de data 23/12/2025 de retribucións emitido pola xefa de servizo de Retribucións e Seguros sociais da Universidade de Vigo, no que constan unhas retribucións mensuais de 475,51 euros. (expte 47844-220)

3. Informe da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos de data (trámite 18) sobre as retribucións municipais da solicitante:

"Á vista da solicitude de informe técnico sobre as retribucións anuais da empregada B. ARRANZ GONZÁLEZ, nº persoal 83606, logo da toma de posesión como xefa de electromecánicos, Informase:

O posto 297.- Xefe/a Electromecánicos configúrase coas seguintes retribucións anuais

Basicas A1: 18358,98 €
C. Destino 26: 12227,32 €
C. Especifico Cod 640: 30099,30 €

Amais, a funcionaria con NP 83606 ten perfeccionado a data de sinatura, dous trienios do Grupo A1 cun importe anual de 706,60€"

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público ven definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 13 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con " el desempeño, por si o mediante substitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma " (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público " será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia" (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público " es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio " (artigo 3.2).

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que "no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes." (artigo 1.2).

A referida Lei, contempla algunhas excepcións ao principio xeral de incompatibilidade dunha segunda actividade pública.

Así prevé que poderase autorizar a compatibilidade para o exercicio de aquelas actividades que, "por razones de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma en el ámbito de sus competencias", en cuxo caso, " la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral." (artigo 3.1)

Unha de esas excepcións ven referida no artigo 4.1." **Podrá autorizar la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada.**"

O segundo apartado do referido artigo: "Al personal docente e investigador de la Universidad podrá autorizarse, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, la compatibilidad para el desempeño de un segundo puesto de trabajo en el sector público sanitario o de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación del sector público..., siempre que los dos puestos vengan reglamentariamente autorizados como de prestación a tiempo parcial.

Recíprocamente, a quienes desempeñen uno de los definidos como segundo puesto en el párrafo anterior, podrá autorizarse la compatibilidad para desempeñar uno de los puestos docentes universitarios a que se hace referencia... "



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 14 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes **requisitos e límites:**

1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)

2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)

3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
- Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
- Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.

A superación de estes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (actualmente prorrogada), establece no artigo 21: *"En el año 2023 las retribuciones de los ..., Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.*

Director General y asimilados (Euros)

Sueldo.*	15.237,60
Complemento de destino.	16.047,60
Complemento específico.	27.763,20

Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Página 15 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Director General y asimilados(Euros)

Sueldo. 872,90

*Ao que habería que engadir as subas correspondentes nas retribucións durante os anos 2023 e 2024 (2,5%) e 2025 (0,5%).

Á vista das retribucións municipais que percibe a solicitante segundo o informe técnico transcrito nos antecedentes, así como as retribucións que lle corresponderían pola actividade de profesora segundo certificado emitido pola Universidade de Vigo, a suma total estaría dentro dos límites establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas para poder autorizar a compatibilidade solicitada.

Por outra banda, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o artigo 16 da referida Lei, indica:

"1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.

O apartado 3 e 4 contempla as excepcións:

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluídos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

Pola súa banda o artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril, establece: *"En todos los puestos en que la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada de tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supere las treinta horas semanales"*.

O tema de incompatibilidades do persoal das administracións públicas está en continua evolución a través do tratamento e análise que ao respecto se dá por parte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 16 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da xurisprudencia nos últimos anos (citando a título de exemplo as sentenzas STS 5378/2019, de 26/04/2019 ou STS 4705/2023, de 16/11/2023, entre outras).

Á última sentenza a destacar neste ámbito é a STS 1.022/2024, do 10/06/2024 (recurso de casación 1789/2022).

Nela trátase de determinar se, para o criterio legal que establece o límite das retribucións que delimitan o ámbito de compatibilidade da función pública coas actividades privadas (no marco de aplicación do artigo 16.4 da lei), deberá terse en conta só aquel compoñente do complemento específico efectivamente cuantificado en razón das funcións concretas de cada posto de traballo, ou tamén aquela parte do complemento específico que nada ten que ver coas características específicas do posto, senón que é uniforme para cada emprego o categoría.

A conclusión do alto Tribunal é favorable neste caso aos intereses do interesado, delimitando a parte concreta do complemento específico que afecta á hora de realizar a cuantificación;

(...) "la conclusión ha de ser que solo aquel componente del complemento retributivo que en realidad guarda relación con las características de cada puesto de trabajo puede razonablemente ser tenido en cuenta a la hora de calcular si se supera el 30% de las retribuciones básicas y, por tanto, si cabe la compatibilidad con una actividad privada. La solución opuesta pecaría de vacío formalismo y, sobre todo, podría resultar aleatoria: superar o no el citado techo del 30% dependería de qué conceptos retributivos -cualquiera que sea la finalidad de los mismos- se encuadran dentro del complemento específico. Dicho de otro modo, la rígida interpretación llevada a cabo por el acto administrativo recurrido y la sentencia impugnada solo sería convincente si estuviera rigurosamente prohibido que el complemento específico comprenda nada ajeno a las características de cada puesto de trabajo."

Sen prexuízo da nova interpretación xurisprudencial exposta, cómpre lembrar unha vez máis que, a solicitude da interesada no presente expediente é para unha actividade pública de profesora universitaria, quedando á marxe pois do suposto analizado na propia sentenza e referida ao artigo 16.4 da lei, de aplicación no ámbito de compatibilidades con actividades privadas.

No presente caso, constan incorporados ao presente expediente:

- Certificado de compatibilidade de horarios emitido polo secretario do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos da Universidade de Vigo e co número de horas a impartir a tempo parcial en todo o curso académico (90 horas en total), que acredita a non modificación da xornada de traballo e o horario da traballadora no Concello de Vigo.
- Certificado de retribucións a percibir polo desenvolvemento do traballo na Universidade de Vigo (475,51 € mensuais brutos).
- Informe sobre as retribucións municipais da solicitante.

Á vista da análise da citada documentación, a compatibilidade non suporía a modificación da xornada de traballo e o horario da empregada no Concello de Vigo,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 17 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

nin a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas anuais establecidas legalmente.

II.- Órgano competente

A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, polo que se eleva ao órgano competente, previo conforme da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións da Alcaldía mediante resolución de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 07/11/2025); a seguinte, **PROPOSTA DE ACORDO:** ...»

De seguido o funcionario informante emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS: Non houbo.

VOTACIÓN DA PROPOSTA:

•*Votos a favor:* vinte e dous (22), dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia; mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con vinte e dous (22) votos a favor, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular; e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de autorización de compatibilidade á funcionaria de carreira Dº B. Arranz González, - con praza de enxeñeira industrial do subgrupo A1 e posto de xefa de electromecánicos -, coa actividade de profesora substituta a tempo parcial na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros/as Industriais da Universidade de Vigo, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo nesta administración municipal, nin afectar ao seu horario, nin superar as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 18 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

retribucións brutas anuais por ámbolos dous postos, cos limites reseñados na presente proposta.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada e á xefatura da Área de Fomento, indicándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

5.(44). MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 22/2026 DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO PARA 2026, APROBACIÓN INICIAL; EXPTE. 101/142. (EXPTE. PLENO 5337/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 13 de marzo de 2026, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria e o concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta

«**Antecedentes**

Memorias xustificativas dos Servizos de Festas, Fomento (Vías e Obras, Vigo Vertical), Patrimonio, Xardíns, Benestar Social, Educación, Deportes, Cultura, Museos, Patrimonio Histórico, Estatística, Participación Cidadá, SPEIS e Seguridade, na que solicitan recursos suficientes para acometer determinados empregos para os que non existe crédito, ou o existente resulta insuficiente.

Resolucións da Alcaldía de 18 de febreiro de 2026, de incoación do expediente na que se fai referencia ás solicitudes dos servizos xestores.

Xustificación das necesidades

Fomento

REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO CONTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA (FASE II). Con data 26/09/2025 publícase no BOE a Orde HAC/1054/2025, do 22 de setembro, sobre os índices de prezos da man de obra e materiais, sobre os índices de prezos dos materiais específicos de subministracións de fabricación de armamento e equipamento, así como sobre os índices de prezos de compoñentes de transporte de viaxeiros por estrada, para o cuarto trimestre de 2024, aplicables á revisión de prezos de contratos das administracións públicas, polo cal tendo en conta que a ultima certificación tramitada en relación co expediente 959/441 da obra de referencia, procede realizar a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 19 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

actualización dos cálculos para a determinación do importe que con carácter definitivo corresponde o recoñecemento da revisión excepcional de prezos do citado contrato.

Para afrontar este gasto, non existe crédito no Orzamento vixente, sendo necesario o recurso ara afrontar a tramitación do expediente de revisión extraordinaria de prezos.

HUMANIZACIÓN RÚA LEPANTO: O citado expediente de contratación foi resolto na sua fase de adxudicación por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do 31/03/2025, formalizándose o contrato na data do 03/04/2025, e iniciándose as obras de acordo coa acta de comprobación de replanteo asinada na data do 19/06/2025.

As necesidades de esta obra quedan xustificadas pola imposibilidade de incorporación de remanentes afectas a este proxecto ao Orzamento do ano 2026, que foran incorporadas, en parte, ao Orzamento do ano 2025, polo que, xurde a necesidade de dar cobertura ao remate da mesma.

CONTRATO MIXTO DE OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS PARA RENOVACIÓN DO PARQUE CAMILO JOSÉ CELA: O emprego está destinado á certificación final da obra para a cal non existe crédito, de non tramitarse, entra en mora o crédito, polo que, procedería a tramitación de xuros comerciais.

HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR LUGRÍS, ENTRE ÁLVARO CUNQUEIRO E LÓPEZ MORA: En relación a este proxecto, a Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.594.174,87 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 1.575.231,45 euros, non sendo incorporable o resto ao Orzamento do ano 2026, polo que, resulta necesario o recurso para o remate das obras.

RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 12 de xullo de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.508.644,87 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 907.495,82 euros como parte da cofinanciación que lle corresponde o Concello de Vigo. Ao remate do ano 2025, o proxecto non está totalmente rematado, polo que, non é incorporable o crédito sobrannte como remanente, sendo necesario suplementar os recursos para o remate das obras.

CONTRATO DE OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PABLO IGLESIAS: De acordo co expediente de execución deste contrato (6210-443), con data 7/01/2026 foi asinada a acta de recepción e con data 27/01/2026 foi asinada a certificación final da obra, polo que, é necesario dotar recursos para facer fronte a esta certificación, para a que non existe crédito no Orzamento do ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 20 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 4 de novembro de 2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.765.032,53 euros.

Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación, non sendo incorporable o crédito restante ao Orzamento do ano 2026, sendo esta a xustificación para solicitar os recursos para dar continuidade a este proxecto.

HUMANIZACIÓN ESTRADA PROVINCIAL 2001-CALVARIO A GARRIDA. Tramo Igrexa de Beade A Garrida (PO 330), Lugar de Porto: Corresponde o recoñecemento da revisión excepcional de prezos do citado contrato.

Xardíns

De acordo co expediente de execución deste contrato (2441-441), a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 29.08.2025, aprobou o proxecto de "REFORMA DA PRAZA FERNANDO ELORRIETA REY", cun orzamento base de licitación máis IVE de 762.925,68 euros. A tramitación deste expediente atopase relacionado coa execución dunha sentenza para resolver un problema de filtracións de auga provocados pola situación do actual parque público, polo que resulta inaprazable a súa execución para a que non existe crédito suficiente.

Deportes

CUBRICIÓN DA PISTA DEPORTIVA EN ZAMÁNS: A Xunta de Goberno local na sesión ordinaria do 13/09/2024, aprobou o proxecto de execución desta obra, cun orzamento base de licitación máis IVE de 832.342,70 euros. Incorporouse como remanentes ao orzamento do ano 2025 o crédito vinculado a esta actuación polo importe de 832.342,70 euros, non sendo incorporable o remanente de crédito ao Orzamento do ano 2026, sendo esta a xustificación pola que se solicita os recursos para o remate deste proxecto.

EUROPEAN POLICE AND FIRE GAMES: A organización dos European Police and Fire Games manifestou, con data 20 de xaneiro de 2026, o seu interese en que este evento internacional se celebre, na súa edición do ano 2026, na cidade de Vigo .

O evento inclúe unha participación que vai superar os 3.000 deportistas de máis de 30 países, o que supón algo extraordinario e superior a calquera outro evento na cidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 21 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A celebración de competicións deportivas, incluídos os European Police and Fire Games, ven determinada por calendarios que na maioría de ocasións non coinciden cos calendarios administrativos e de conformación dos orzamentos locais.

Educación

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL: A licitación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Bembrive (expte. 99420/332), supón un incremento importante do prezo do contrato, polo que, é necesario suplementar o crédito, por terse informado con cargo a bolsa de vinculación xurídica, esgotando a dispoñibilidade da mesma.

Patrimonio Histórico

REPARACIÓN MURO TORALLA: Tra-la denuncia veciñal e informe da Policía Local denunciando a derruba parcial dun muro de contención e peche do equipamento cultural da Villa de Toralla, advertindo da perigosidade do desplome, poñendo de manifesto graves deficiencias no muro que poderían desencadear en colapso, polo que, a actuación a acometer ten causa nas choivas e non pode ser demorada. Para acometer esta actuación imprevisible, non existe crédito no Orzamento vixente.

MUÍÑOS MUNICIPAIS DE SEVERO E GONTADE: SEVERO. Debido á caída dunha árbore sobre o muíño o tellado viuse afectado na súa totalidade, sendo necesaria a reposición parcial da estrutura de madeira e as tellas da cuberta, ademais deberán ser revisados os muros de pedra por se fose necesario repor algún elemento. GONTADE. Os ventos provocaron o desprazamento de varias tellas da cuberta do muíño nº 1 de Gontade permitindo a entrada da auga que afectou á estrutura de madeira. Faise imprescindible a reparación /substitución das pezas de madeira da estrutura afectadas e a reposición de tellas.

Para acometer estas obras, non existe crédito no Orzamento vixente.

Estatística

Execución da segunda fase do contrato maior de subministro para a retirada, subministro e colocación de rótulos identificativos das vías públicas municipais, consistente na fabricación, subministración e instalación do novo modelo normalizado de placas identificativas aprobado polo Concello, así como a colocación de báculos ou soportes independentes nos viarios que carezan de elementos de ancoraxe, co obxecto de completar a renovación integral da sinalización viaria no termo municipal.

Esta segunda fase resulta indisolublemente ligada á primeira fase cuxa licitación se atopa en curso, permitindo dar continuidade técnica, funcional e económica ao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 22 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proceso de renovación integral do rueiro municipal, garantindo a homoxeneidade do modelo, a coherencia estética e a eficacia operativa do sistema de identificación viaria.

Patrimonio

En data 27/11/2025, o Servizo de Medio Ambiente informa da necesidade da adquisición das parcelas sitas no camiño do Borralleiro con ref. Catast.: 9148207NG1794N0000GS, 9148208NG1794N0000QS, coa finalidade de mellorar a accesibilidade e as dotacións para o uso público do areal do Cocho e eliminar os riscos que para os usuarios do areal supón a utilización dos accesos existentes desde estas parcelas. Sin a titularidade das parcelas, o Concello non pode acometer as obras de mellora do acceso ao areal, sendo necesario acometer esta actuación con urxencia antes da tempada de verán.

Dende o 8 de xullo de 2020, as competencias sobre a xestión do auditorio Mar de Vigo recaeron na Concellería de Patrimonio, non obstante, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 26.09.2025 , delegouse na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes a aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo.

Trátase, polo tanto, de gastos nos que o acredor realizou correctamente unha prestación por mandato e con pleno coñecemento e consentimento da entidade local, polo cal procede o seu recoñecemento e pago en virtude da correcta aplicación da doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto ou sen causa, evitando deste xeito o correlativo empobrecemento do contratista que realizou os traballos encomendados e que ten dereito a percibir a contraprestación correspondente.

En consecuencia con anterior, requírese un suplemento de crédito para facer fronte ao REC que conforma a prestación do servizo no ano 2025.

Seguridade

A necesidade está relacionada co expediente 712/2153, co fin de garantir a adecuada cobertura orzamentaria da anualidade 2026 derivada do novo expediente de contrato que estase a tramitar, relativo ao subministro, en réxime de arrendamento (renting), de vehículos para a Policía Local, que supón en termos licitación maiores recursos que os do contrato vixente.

Cultura

O Goberno Municipal está a impulsar a adquisición dunha escultura pública que sirva para honrar a figura do futbolista do RC Celta de Vigo, Iago Aspas. A proximidade da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 23 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

súa retirada fai que sexa o momento óptimo para poder levar a cabo este recoñecemento expreso do Concello de Vigo en nome de toda a cidade. Sendo necesario desenvolver o procedemento de encargo, previo concurso de ideas, é polo que, a necesidade non é demorable ao ano seguinte, sendo necesario os recursos neste exercicio.

Festas

No momento da elaboración do orzamento, setembro de cada ano, non é posible coñecer as propostas artísticas concretas que serían ofertadas polas empresas promotoras, o caché individualizado de cada artista, os custos reais asociados á produción técnica e loxística das actuacións en relación co ano seguinte, polo que, a dotación inicial deste crédito ven sendo a mesma cada ano.

Actualmente estes importes xa son coñecidos, derivan das ofertas economicamente cuantificadas presentadas polas empresas promotoras, reflectindo custos reais e actualizados conforme ás condicións actuais do mercado.

Coa información actual, apréciase que non se poden acadar os niveis de programación desenvolvidos en anos precedentes, debido ao incremento xeneralizado dos custos das contratacións artísticas.

Sendo por elo, inaprazable a necesidade de suplementar os recursos para acometer o programa de Festas de Vigo.

Museos

Tras analizar as exposicións desta natureza dispoñibles decidiuse incorporar unha experiencia multisensorial a gran escala que leva por título "*Jules Verne 200*", que se exhibiu por primeira vez no Centre d'Arts Digitals de Barcelona, e itinerou despois polas cidades de Sao Paulo e Bruxelas, estando previsto que chegue a París no ano 2028 para celebrar o bicentenario do nacemento do autor.

No formación do Orzamento do ano 2026, descoñecíase as contías necesarias para esta exposición, dotouse unha contía de 175.000 euros, agora, cuantificado o custe da mesma, considérase que hai un gasto non demorable para o ano 2026 e outro para o 2027.

Atendendo á planificación da programación da exposición e considerando os prazos necesarios existen gastos que cómpre atender durante a presente anualidade de 2026, fundamentalmente en relación coa adaptación de contidos, produción e adaptación de espazo, en tanto que os vinculados fundamentalmente coa explotación e xestión operativa diaria durante a apertura ao público, previsiblemente entre os meses de marzo e agosto de 2027, abordaríanse co orzamento do ano 2027.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 24 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O Orzamento vixente non dispón de crédito para facer fronte a estas necesidades, xa que o Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 23 de outubro de 2025, que aprobou inicialmente o Pleno da Corporación en sesión do 14 de novembro e con carácter definitivo o 23 de decembro de 2025, non tiña cuantificado as necesidades, dotándose unha contía para identificar o evento.

Unha vez coñecida a dimensión do evento, é razoable tramitar unha modificación orzamentaria para atender as necesidades e suplementar por insuficiencia de crédito prevista no Orzamento do ano 2026 para atender á adaptación de contidos, produción e adaptación de espazo da exposición de Julio Verne, nas contías que son imputables ao ano 2026.

SPEIS

A finalidade da necesidade de recursos é a dotación de crédito para o exercicio 2026, vinculada ao expediente 6610/213, co fin de garantir a adecuada cobertura orzamentaria da anualidade 2026 derivada da prórroga do contrato de prestación sucesiva para a xestión integral de parques do SPEIS mediante software en modalidade SaaS, que non foi prevista na formación do Orzamento 2026.

Benestar Social

O pasado ano 2025 a Concellería de Política Social tramitou un novo procedemento de contratación do Servizo Axuda no fogar (Expte. 285498/301) o cal foi adxudicado pola Xunta de Goberno local do 31.10.2025 ao GRUPO PROBISER, S.L.U., por prezo total de 47.183.385,60 euros e prezo/hora de 23,59 euros, duración tres (3) anos e dúas (2) prorrogas.

Con data 20.11.2025 dita adxudicación foi obxecto de recurso especial en materia de contratación, o que suspendeu automaticamente a tramitación do procedemento ata a resolución do mesmo (Art. 53 LCSP).

Por tal motivo, e tendo en conta a data de finalización do contrato anterior (30.11.2025) e a imposibilidade de iniciar o novo contrato debido a citada suspensión, a empresa SERVISAR SERVICIOS SOCIALES S.L.U (prestadora do SAF), previa solicitude de continuidade polo Concello, mantivo a prestación durante o tempo que mediou entre a finalización do vixente contrato e o inicio do novo (xaneiro 2026).

Polo que, o gasto do devandito mes de decembro 2025, foi imputado ao crédito do ano 2026, sendo necesario suplementar a aplicación orzamentaria para dar cobertura a totalidade do ano 2026.

Participación Cidadá



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 25 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na actualidade están en funcionamento na cidade gran número de edificacións ubicadas nas diferentes parroquias, coordinadas coas AAVV. dependentes do servizo de Participación Cidadá. Son instalacións municipais. Xunto ás referidas instalacións, a concellería de Participación Cidadá tamén xestiona directamente seis Centros Municipais de Distrito.

A planificación desenvolvida polo departamento de Participación Cidadá para poder afrontar anualmente as necesidades de intervencións de distinta índole nos seus inmobles adscritos por mor da antigüidade e/ou polo propio uso das edificacións, procura dar resposta ás necesidades de reparación máis apremiantes atendendo a criterios técnicos de mellora da seguridade, estanquidade ou da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Esta planificación anual e a correspondente consignación orzamentaria, estase a ver seriamente comprometida por mor das adversas condicións climatolóxicas deste inverno non só nas ditas edificacións de titularidade municipal coordinadas coas asociacións veciñais senón tamén nos propios Centros Municipais de Distrito, o que está a provocar un elevado número de incidencias por mor da entrada de auga tanto en cubertas como en fachadas e incluso a través de sotos e plantas baixas.

Coa finalidade de evitar non só os problemas de salubridade derivadas polas humidades (que están a provocar a suspensión de actividades programadas) senón principalmente para garantir a seguridade dos inmobles, faise necesario acometer un plan extraordinario de choque, que dadas a circunstancias, non pode ser demorable, para o que non existe crédito suficiente, desagregándose na memoria as necesidades por centros, tanto os que son de titularidade municipal como as das propias AAVV.

Inaprazabilidade do gasto

Nas memorias que xustifican a Resolución de inicio do expediente, abúndase na motivación da tramitación do expediente en cada caso en relación coas necesidades a satisfacer e a súa inaprazabilidade.

En todos os casos se xustifica a necesidade da actuación, a insuficiencia de crédito, a urxencia e inaprazabilidade dos empregos.

Queda pois, legal e tecnicamente xustificada a tramitación deste expediente, tanto no apartado técnico en canto a inaprazabilidade das necesidades, a inexistencia de crédito para facer fronte ás necesidades, como no ámbito legal, axustando o procedemento aos requirimentos contidos no artigo 177 do TRLRFL.

Normativa de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 26 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL).

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Resolución de delegación de competencias: Delegación da Área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024.

Bases de Execución do Orzamento.

Regras fiscais

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Estabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 27 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 11 de decembro de 2025 o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Regra de gasto

A base de cálculo para a Liquidación do ano 2026, é a Liquidación axustada do ano 2025.

A regra de gasto non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto non financeiro para o período 2026-2028.

	2026	2027	2028
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,50%	3,40%	3,20%

En relación coa Liquidación do ano 2025, o gasto non financeiro axustado correspondente ao Grupo Concello de Vigo, foi de 271.756.882,76 euros, dos que 258.760.423,85 euros son da entidade matriz, 11.087.990,07 euros da XMU, 1.078.207,62 euros da Fundación MARCO, 701.010,90 euros da Fundación C.BUREAU e 129.250,32 da Fundación LISTE.

De acordo coas previsións feitas, o gasto non financeiro axustado para o ano 2026 é de 280.608.447,25 euros, o límite do GNF tendo en conta o peche do ano 2025, é de 281.268.373,66 euros (liquidación 2025*taxa de variación, TRCPIB 3,5%), dando cumprimento ao obxectivo.

Na previsión do GNF, está computado o gasto correspondente ao expediente de incorporación de remanentes MC/12/2026 e o que se está tramitando MC/22/2026.

Liquidación Orzamentaria do ano 2025 do Grupo Concello de Vigo

O superávit do Grupo Concello de Vigo (Entidade Matriz, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, LISTE e Fundación CONVENTION BUREAU), foi de 35.530.899,05 euros.



O artigo 32 da LOEPSF está activado dende o inicio do ano 2024, polo que o superávit hai que destinalo á amortización dos pasivos financeiros que estean vivos.

O Grupo Concello de Vigo, non ten débeda financeira viva, polo que, o artigo 32 da LOEPSF non ten aplicación ao Grupo de consolidación.

Non está prorrogada para o ano 2026 a DA 6º da LOEPSF, que require a tramitación e aprobación dun Rd-lei, polo que, non é aplicable o superávit ao financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibles (IFS), cuxos empregos non computarían no cálculo da Regra de Gasto, aínda que sigue vixente o RD-lei 15/2025 en relación co superávit do ano 2024, polo tanto, o RLTGX ten unha aplicación libre, aínda que, sempre dando cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, que de non cumprirse no ano 2025, aplicaranse as medidas correctivas e coercitivas previstas na LOEPSF.

Estado do Remanente Líquido de Tesoureira da Liquidación do ano 2025.

O RLTGX, constitúe un recurso de financiamento de modificacións de crédito. A dispoñibilidade será a que resulte de deducir do remanente inicial as contías destinadas a financiar modificacións do orzamento de gastos. En ningún caso, o RLTGX pode formar parte das previsións iniciais de ingresos, en consecuencia, non pode financiar créditos iniciais (artigo 104 do RD 500/1990).

O artigo 177 do TRLRFL, aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, establece que un dos recursos financeiros para o financiamento dun crédito extraordinario ou suplemento de crédito, é o RLTGX.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente 101/142 de modificación orzamentaria nº (22/2026), Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito que está conformado das memorias xustificativas de cada servizo xestor, de forma individualizada para cada necesidade.

Como xa se fixo unha sínteses de cada xustificación, non é obxecto de reprodución nesta proposta, xa que se incorpora a táboa das necesidades de cada servizo.

Financiamento dos empregos

O financiamento da modificación orzamentaria faise con cargo ao RLTGX correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2025. A utilización deste recurso non é contraria ao cumprimento dos obxectivos que conforman as regras fiscais, o resultado da Liquidación do Orzamento proxectada do ano 2026, unha vez tramitada a modificación orzamentaria 12/2026, expediente 441/143 e a que se está



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 29 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tramitando, expediente 101/142, modificación número 22/2026 tendo en consideración as ratios de execución previstas, conclúese que a liquidación Orzamentaria do ano 2026, vai dar cumprimento aos obxectivos das regras fiscais aplicables ao ano.

Remanente Líquido de Tesourería GX da liquidación 2024	Utilizado	Dispoñible
Inicial (A)		215.914.080,10
Modificación incorporación de remanentes, expediente 441/143,1462026	82.586.250,40	
Modificación de crédito, Cred. Extraord. Supl. Crédito, expediente 101/142	10.917.131,60	
Total remanente utilizado (B)	93.503.382,00	
Remanente dispoñible (A-B)		122.410.698,10

Achégase no expediente, o proxecto de liquidación do Orzamento 2026 do Grupo Concello de Vigo, inclúese a modificación en trámite.

En canto ao cumprimento da regra de gasto, os empregos non financeiros previstos axustados, están dentro da evolución do 3,5% sobre os empregos non financeiros axustados da Liquidación do Orzamento do ano 2025, polo tanto, tamén está previsto o cumprimento de este obxectivo.

Dase cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Faise constar, que en relación co endebedamento e sostibilidade financeira, a esta data, non está previsto ao peche do ano 2026 a concertación de operacións de crédito, polo que, non hai endebedamento financeiro, sendo o coeficiente de endebedamento calculado nos termos previstos no TRLRFL do 0%.

Período medio de pago.

É obrigatorio que os pagos a provedores pola débeda comercial, se faga nun prazo inferior a 30 días dende a conformidade da factura.

En relación con PMP, faise constar que o período medio de pagos está dentro do legalmente previsto, sendo o prazo medio do ano 2025 6,94 días naturais, e o correspondente ao período xaneiro de 2026, é de 11,62 días .

O PMP non forma parte das regras fiscais (Estabilidade, teito de gasto, endebedamento), aínda que é unha consecuencia, a aplicación do RLTXG vai a xerar empregos que requiren o seu pagamento, se a entidade non ten capacidade para facer fronte aos pagos dentro dos 30 días, os novos pagos que xurdan da aplicación do RLTXG, vai a xerar máis estrés na liquidez. Non é o caso do Concello de Vigo, que fai fronte a seu pagamento en prazo, e a liquidez do ente, permítelle garantir o cumprimento deste requisito.

En consecuencia, dáse cumprimento a todos os requirimentos legais previsto no ordenamento xurídico de aplicación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 30 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) Hai necesidade inaprazable, segundo as memorias xustificativas de facer fronte aos gastos que conforma esta modificación orzamentaria no ano 2026.
- b) Non hai crédito no estado de gastos do orzamento vixente, ou este é insuficiente para afrontar as necesidades contidas no expediente nº 101/142.
- c) A proxección da Liquidación dos orzamentos do ano 2026 do Grupo de Consolidación Concello de Vigo, informa sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais (superávit e cumprimento da regra de gasto) de acordo á senda prevista para o ano 2026.
- d) Hai recurso financeiro dispoñible (RLTGX) para facer fronte aos empregos previstos no expediente 101/142.
- e) Hai cumprimento do Período Medio de Pagos, facéndose os pagos nun prazo moi inferior que o previsto no Real Decreto 635/2014.
- f) A Liquidación Orzamentaria do ano 2025, xerou una aforro neto positivo.
- g) O Grupo de Consolidación non ten pasivos financeiros pendentes de amortizar.

Tramitación

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026, aprobou a modificación orzamentaria, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito nº 22/2026, expediente 101/142 da Entidade Local.

En aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, a Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda en sesión do 4 de marzo de 2026, fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas á Modificación orzamentaria nº 22/2026, expediente nº: 101/142.

O prazo fixado comezou o día 04/03/2026 e rematou ás 13,00 horas do día 11/03/2026, dando cumprimento ao previsto no artigo 76 do ROP .

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno con data 27/02/2026. Con data 27/02/2026, liña 82, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno, o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar a documentación que o conforma para o seu estudo, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais a documentación que conforma o expediente, aínda que neste caso, o Ditame da Comisión Informativa, so se ten que pronunciar sobre o Calendario de tramitación e prazo de presentación de emendas, que como se fai constar, da cumprimento ao previsto no artigo 76 do ROP.

Seguindo o procedemento establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas á modificación orzamentaria no prazo previsto pola Comisión Informativa do que queda constancia no expediente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 31 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Emendas presentadas

- Con data 11/03/2026, nº rexistro do Pleno 5357/1101, o Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, presenta emenda (parcial).
- Con data 11/03/2026, nº de rexistro do Pleno 5058/1101, a Concelleira Dona Luisa Sánchez Méndez, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) de Vigo, presenta emenda parcial.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 18 de febreiro de 2026, incoouse pola Alcaldía o expediente nº 101/142 de modificación orzamentaria (nº 22/2026), baixo a modalidade de crédito extraordinario (2.117.790,44 euros) e suplemento de crédito (8.799.341,16 euros), sumando un total de 10.917.131,60 euros, para facer fronte a gastos inaprazables e imprevistos de diversas áreas municipais, financiados con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX) da Liquidación orzamentaria do ano 2025.

O expediente inclúe todas as memorias xustificativas correspondentes, xustificativas das necesidades, da inaprazabilidade do gasto e inexistencia ou insuficiencia do crédito para afrontalas.

Segundo.- Durante a tramitación do devandito expediente, dentro do prazo previsto pola Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, o Grupo Municipal do BNG presentou un documento con 172 emendas parciais por importe de 60.800.880,34 euros, e o Grupo Municipal do PP presentou 5 emendas por valor de 64.450.000 euros.

Terceiro.- Solicitado informe técnico-xurídico para avaliar a viabilidade de someter a debate e votación as devanditas emendas, conclúese a existencia de vicios de legalidade insubsanables na súa formulación, por vulneración da normativa orzamentaria e competencial vixente.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Da competencia para a cualificación e inadmisión. De conformidade co Regulamento Orgánico do Pleno (ROP) do Concello de Vigo, a ordenación dos debates e a admisión de escritos correspóndelle á Presidencia, que debe cumprir e facer cumprir o Regulamento, así como suplilo en caso de omisión ou interpretalo en caso de dúbida. Así mesmo, o artigo 40.1.e) do ROP atribúe expresamente ao secretario xeral do Pleno a función de *"Cualificar, con arranxo ao presente Regulamento, os escritos e documentos de índole plenaria, propoñendo á Presidencia a súa admisibilidade ou inadmisibilidade"*. Neste sentido, procede rexeitar a tramitación daquelas iniciativas que adoezan de nulidade radical ou defectos formais que impidan o seu debate lexítimo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 32 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Incumprimento dos requisitos materiais para as modificacións orzamentarias. As emendas presentadas supoñen de facto a conformación dun orzamento xeral alternativo, subvertindo a natureza xurídica da figura do expediente de modificación de crédito. O artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) e o artigo 37 do RD 500/1990 esixen que toda proposta de crédito extraordinario ou suplementario acredite unha tripla condición concorrente: a) o carácter específico e determinado do gasto a realizar (require proxecto técnico, orzamento detallado ou compromiso firme), b) a inexistencia ou insuficiencia de crédito, e c), a imposibilidade de demorar o gasto a exercicios posteriores. As emendas formuladas polos grupos políticos carecen de memoria técnica valorada individualizada e de xustificación da súa urxencia inaprazable, incumprindo frontalmente o artigo 37.2 do RD 500/1990 e 177 do TRLRFL.

Terceiro.- Invasión de competencias impropias sen autorización preceptiva. Gran parte dos importes expostos nas emendas (como os programas municipais de vivenda, a construción de equipamentos educativos ou os investimentos sanitarios....) afectan a materias que non son competencia propia do Concello. O artigo 7.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), establece imperativamente que as entidades locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira, para o cal *"serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira"*. A nivel autonómico, o artigo 3 da Lei 5/2014, de racionalización da Administración local de Galicia, reitera esta esixencia, debendo solicitarse estes informes de forma previa ao exercicio de novas competencias con cargo á Consellería competente e á Consellería de Facenda. Ao carecer as emendas de devanditos informes previos preceptivos e vinculantes, as propostas de gasto incorren en nulidade de pleno dereito.

Cuarto.- Conclusión Xurídica: O informe técnico contén as seguintes conclusións: As emendas presentadas, lonxe de pretender corrixir deficiencias ou modular o expediente de modificación orzamentaria incoado pola Alcaldía o 18/02/2026, subverten a normativa financeira intentando articular plans de investimento ou servizos, carentes ademais dos preceptivos informes de cobertura legal sectorial autonómica. Polo tanto, o fundamento técnico-xurídico é a inadmisión a trámite ao incorrer en manifestos defectos de legalidade e incumprimento das regras substanciais para as modificacións de crédito impostas polo TRLRFL e o RD 500/1990, polos seguintes motivos:

1. **Vicio procedemental:** Pretenden tramitar un orzamento alternativo global encuberto fóra das canles do Capítulo II do ROP (aprobación dos orzamentos).
2. **Incumprimento do RD 500/1990:** Non conteñen proxectos específicos e determinados nin a acreditación material da imposibilidade de demora, vulnerando frontalmente o art. 177 do TRLRFL e o art. 37 do RD 500/1990.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 33 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. **Ilegalidade competencial manifesta:** Cando se propón orzamentar de golpe 60 millóns de euros en Vivenda (Emenda do PP) ou 15 millóns nun plan xenérico de barrios (Emenda do BNG), trátase do exercicio de competencias impropias polas que a lei esixe con carácter *previo* o informe de inexistencia de duplicidades e de sostibilidade financeira (Art. 7.4 LBRL e Art. 3 Lei de Galicia 5/2014).
4. Unha emenda non pode obviar de facto requisitos legais imperativos.
5. As emendas superan a contía do recurso financeiro dispoñible que conforma o RLTX.
6. As emendas a unha modificación de crédito deben restrinxirse estritamente aos créditos e proxectos concretos que conforman o expediente incoado, e non poden utilizarse para reconfigurar globalmente a política de gasto do exercicio.

III. PROPOSTA DE DITAME e ACORDO AO PLENO DA CORPORACIÓN

Á vista da argumentación xurídica e técnica exposta, e no uso das atribucións conferidas polo Regulamento Orgánico do Pleno e delegación de competencias, elévase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

A) REXEITAMENTO DAS EMENDAS

PRIMEIRO.- REXEITAR as emendas presentadas polo Grupo Municipal do BNG (172 emendas por importe de 60.800.880,34 euros) e polo Grupo Municipal do PP (por importe de 64.450.000 euros) ao expediente de modificación orzamentaria nº 22/2026 (Expediente 101/142), en base aos defectos de legalidade insubsanables expostos nos antecedentes; en concreto, pola absoluta falta de adecuación aos requisitos procedementais e de xustificación económica do artigo 177 do TRLRFL e do artigo 37 do RD 500/1990, así como pola vulneración dos imperativos do artigo 7.4 da LBRL e da normativa autonómica sobre a asunción de competencias impropias (Lei 5/2014) sen os preceptivos informes previos.

Unha vez ditaminado o rexeitamento das emendas, formulase a proposta de aprobación.

B) PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA.../...»

Deseguido o funcionario e o concelleiro informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.03.26, ditaminou favorablemente dita proposta.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno, nº 5401/1101, con data de entrada o 26 de marzo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, presenta un voto particular relativo á aprobación inicial da modificación orzamentaria nº 22/2026: crédito extraordinario, suplemento de crédito.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 34 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"VOTO PARTICULAR

para a súa defensa ante o Pleno, ao ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda do 23 de marzo de 2026, relativo á **MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N.º 22/2026: CREDIT.EXTRAORDINARIO, SUPL. CRÉDITO (EXPTE. 101/142)**, formulando a seguinte

EMENDA AO DITAME

ÚNICA.- Modificar a proposta ditaminada aceptando integramente as 172 emendas parciais (todas elas de incremento de gasto ou de creación de nova partida/aplicación) formuladas polo Grupo Municipal do BNG, rexistradas con número de Expediente 5357-1101, cuxo contido obra no expediente e dáse por reproducido".

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

- **Votos a favor:** tres (3) do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Votos en contra:** vinte e dous (22), dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** non houbo.

ACORDO

Con vinte e dous votos (22) en contra, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal do PSOE, mais cinco (5) do grupo municipal do PP, e tres votos (3) a favor dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5401/1101, con data de entrada o 26 de marzo de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN DITAME:

- **Votos a favor:** dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- **Votos en contra:** oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 35 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

- **Abstencións:** non houbo.

ACORDO

Con dezasete votos (17) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito votos (8) en contra, cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO

"PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 22/2026 por una contía de 10.917.131,60 euros, Crédito Extraordinario por unha contía de 2.117.790,44 euros e Suplemento de Crédito por unha contía de 8.799.341,16 euros, correspondente ao expediente 101/142, para facer fronte a inexistencia ou insuficiencia de créditos que se relacionan na táboa de anexos de empregos, que resultan empregos inaprazables, quedando xustificada nas memorias dos Servizos, tanto a inaprazabilidade dos empregos como a falta ou insuficiencia de dotación orzamentaria para esta finalidade.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2025, que segundo o previsto no artigo 104 do Real Decreto 500/1990, constitúe un recurso financeiro para o financiamento de modificacións de crédito. A cuantificación deste recurso figura no expediente e na proposta, que resulta un recurso financeiro adecuado para dar cobertura á modificación orzamentaria nº 22/2026.

Distribución dos empregos por servizos

SERVIZO/Area	Importe
1320	148.000,00
1360	25.937,85
1532	1.705.213,44
1539	628.432,76
1710	777.853,33
2310	1.171.472,32
3230	80.000,00
3340	1.679.874,20
3360	273.038,62
3380	1.200.000,00
3420	839.567,43
9231	500.000,00
9240	1.057.071,22
9330	830.670,43
Total	10.917.131,60



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/05/2026 12:52

Páxina 36 de 65

5426-1101

CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Distribución por aplicacións, proxectos, concepto e contías

Aplicación	Proxecto	Emprego	ÁREA	Tipo	C.inicial	I.Remanentes	Modificación	Total ano	Concepto	Importe
1320.2040000		Renting Vehiculos P.Local, novo contrato	Seguridade	Suplemento	262.100,00	0	148.000,00	410.100,00	87000	148.000,00
1360.6410002	22136002	Aplicación informática xestión Paruq	SPEIS	C.Extraordi.	0,00	0,00	25.937,85	25.937,85	87000	25.937,85
1532.6190038	24153238	Humanización Rúa Lepanto, remate	Fomento	Suplemento	300.000,00	0,00	122.531,11	422.531,11	87000	122.531,11
1532.6190041	24153241	Humanización S. Avendaño G.Barbón- Halo	Fomento	Suplemento	300.000,00	0,00	1.449.909,73	1.749.909,73	87000	1.449.909,73
1532.6190090	22153290	Certificación final H. rúa Pablo Iglesias	Fomento	Crédito Ext.	0,00	0,00	53.605,41	53.605,41	87000	53.605,41
1539.6090069	24153969	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Colmeiro, remte	Fomento	Suplemento	50.000,00	0,00	429.129,14	479.129,14	87000	429.129,14
1539.6090070	24153970	Vigo Vertical, rampas Rúa Pintor Lugris, remate	Fomento	Suplemento	200.000,00	0,00	196.115,58	396.115,58	87000	196.115,58
1539.6190000	21153900	Rev. Prezos RD-I 3/2022, G.Via	Fomento	Crédito Ext.	0,00	0,00	3.188,04	3.188,04	87000	3.188,04
1532.6190009	18153209	Rev.prezos RD-I 3/2022, Estrada Beade-Garrida	Fomento	C.Ext	0,00	0,00	79.167,19	79.167,19	87000	79.167,19
1710.6190020	25171020	Prz. AXARDINADA FERNADO ELORRIETA REY	Xardíns	Suplemento	10.000,00	0,00	765.000,00	775.000,00	87000	765.000,00
1710.6190012	22171012	Certificación final P. Camilo José Cela	Jardines	C.Ext	0,00	0,00	12.853,33	12.853,33	87000	12.853,33
2310.2279901	26231002	SAF, Mes decembro 2025, REC	B.Social	Suplemento	15.340.000,00	0,00	1.171.472,32	16.511.472,32	87000	1.171.472,32
3230.2279915		Novo contrato EIM Bembrive	Educación	Suplemento	309.635,24	0,00	80.000,00	389.635,24	87000	80.000,00
3340.2260903		Exposición J. Verne	Cultura	Suplemento	175.000,00	0,00	1.379.874,20	1.554.874,20	87000	1.379.874,20
3340.6800000	26334000	Esc. lago Aspas, C.Ideas, transporte e colocación	Cultura	C.Ext	0,00	0,00	300.000,00	300.000,00	87000	300.000,00
33602120000		Arranxo do tellado no Muizo de Severo e Gontade	P. Histórico	C.Ext	0,00	0,00	50.000,00	50.000,00	87000	50.000,00
3360.6190000	26336000	Reparación estrutural do Muro cont. Vila R.Toralla	P. Histórico	C.Ext	0,00	0,00	223.038,62	223.038,62	87000	223.038,62
3380.2260906		Festas de Vigo	Festas	Suplemento	3.650.000,00	0,00	1.200.000,00	4.850.000,00	87000	1.200.000,00
3420.2260900		European Police and Fire Games	Deportes	C.Ext	0,00	0,00	300.000,00	300.000,00	87000	300.000,00
3420.6220015	24342015	Remate Cuberta pista deportiva en Zamáns	Deportes	suplemento	150.000,00	0,00	539.567,43	689.567,43	87000	539.567,43
9231.2219902		Plan de renovación Placas identificativas de rúas	Estatística	C.Ext.	0,00	0,00	500.000,00	500.000,00	87000	500.000,00
9240.4890000		Subvencións entidades cidadás	P.Cidadán	Suplemento	300.000,00	0,00	10.866,79	310.866,79	87000	10.866,79
9240.4890015		Subvencións actos comunitarios	P.Cidadán	Suplemento	100.000,00	0,00	17.204,43	117.204,43	87000	17.204,43
9240.6230004	26924004	Climatización CMD San Roque	P.Cidadán	C.Ext	0,00	0,00	70.000,00	70.000,00	87000	70.000,00
9240.6320005	26924005	Mellora C. Culturais de T. Municipal	P.Cidadán	Suplemento	225.000,00	0,00	549.000,00	774.000,00	87000	549.000,00
9240.6320000	26924000	Investimento no CC de Bembrive	P.Cidadán	Suplemento	100.000,00	0,00	80.000,00	160.000,00	87000	60.000,00
9240.7800010	26924010	Mellora nos Centros das AAVV	P.Cidadán	Suplemento	300.000,00	0,00	350.000,00	650.000,00	87000	350.000,00
9330.6000000	26933010	Adquisición de parcelas mell. Areal do Cocho	Patrimonio	C.Ext	0,00	0,00	500.000,00	500.000,00	87000	500.000,00
9330.2270603		Asistencia técnicas	Patrimonio	Suplemento	20.000,00	0,00	60.000,00	80.000,00	87000	60.000,00
9330.2279902		Funcionamento e mantemento Pazo de Congressos	Patrimonio	Suplemento	613.546,00	0,00	270.670,43	884.216,43	87000	270.670,43
Total							10.917.131,60			10.917.131,60

Distribución dos empregos por capítulos

Capítulo 2							5.160.016,95
Capítulo 4							28.071,22
Capítulo 6							5.379.043,43
Capítulo 7							350.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOPP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.



Copia do documento - Concello de Vigo
5426-1101

Data impresión: 21/05/2026 12:52

Páxina 37 de 65

CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

CUARTO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación dos créditos relacionados no expediente 101/142.

QUINTO.- Unha vez aprobado pola Xunta de Goberno Local o expediente, os Servizos xestores, ao amparo do previsto no artigo 117 da LCSP, poderán iniciar a tramitación dos expedientes administrativos de aplicación dos recursos como anticipados de gasto."

6.(45). MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2026 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO PARA 2026, APROBACIÓN INICIAL; EXPTE. 18735/407 (EXPTE. PLENO 5384/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 23 de marzo de 2026, o Xerente de Urbanismo, o Interventor Xeral e a concelleira delegada da área de Urbanismo emiten a seguinte proposta,

«Aprobar inicialmente o crédito extraordinario/suplemento de crédito por importe total de 4.742.387,27 euros (modificación nº 02/2026 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, coa seguinte desagregación:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.6000001	Expropiacións desenvolvemento PXOM 2025	0,00 €	1.088.448,48 €
1510.7800002	Axudas adecuación vivendas para alugueiro	150.00,00 €	2.000.000,00 €
1510.6800200	Edificio Esturáns para alugueiro	1.859.814,77 €	1.000.000,00 €
1510.6820003	Rehabilitación edificio Ramón Nieto 58	0,00 €	496.765,50 €
1510.6320002	Acondicionamento instalacións Oficina Mpal. Rehab.	0,00 €	157.173,29 €
			TOTAL = 4.742.387,27 €»

Deseguido o funcionario e a concelleira informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.03.26, ditaminou favorablemente dita proposta.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno, nº 5402/1101, con data de entrada o 26 de marzo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 38 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presenta un voto particular relativo á aprobación inicial da modificación orzamentaria 02/2026 da XMU.

"VOTO PARTICULAR

para a súa defensa ante o Pleno, ao ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, extraordinaria e urxente, do 24 de marzo de 2026, relativo á **MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚMERO 2/2026 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO: CRÉDITO EXTRAORDINARIO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (EXPTE. 18735/407)**, formulando a seguinte

EMENDA AO DITAME

ÚNICA.- Modificar a proposta ditaminada aceptando integramente as 5 emendas parciais (4 de incremento de gasto coa creación de nova aplicación e 1 de minoración) formuladas polo Grupo Municipal do BNG, rexistradas con número de Expediente 5381-1101, cuxo contido obra no expediente e dáse por reproducido."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

- **Votos a favor:** tres (3) do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- **Votos en contra:** vinte e dous (22), dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- **Abstencións:** non houbo.

ACORDO

Con vinte e dous votos (22) en contra, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal do PSOE, mais cinco (5) do grupo municipal do PP, e tres votos (3) a favor dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5402/1101, con data de entrada o 26 de marzo de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN DITAME:

- **Votos a favor:** dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- **Votos en contra:** oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 39 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

- **Abstencións:** non houbo.

ACORDO

Con dezasete votos (17) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito votos (8) en contra, cinco (5) dos membros do grupo municipal do PP mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO

"Aprobar inicialmente o crédito extraordinario/suplemento de crédito por importe total de 4.742.387,27 euros (modificación nº 02/2026 do vixente Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, coa seguinte desagregación:

Partida	Concepto	Créd.inicial	Alta
1510.6000001	Expropiacións desenvolvemento PXOM 2025	0,00 €	1.088.448,48 €
1510.7800002	Axudas adecuación vivendas para alugueiro	150.00,00 €	2.000.000,00 €
1510.6800200	Edificio Esturáns para alugueiro	1.859.814,77 €	1.000.000,00 €
1510.6820003	Rehabilitación edificio Ramón Nieto 58	0,00 €	496.765,50 €
1510.6320002	Acondicionamento instalacións Oficina Mpal. Rehab.	0,00 €	157.173,29 €
			TOTAL = 4.742.387,27 €"

*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da "violencia machista".

MOCIÓNS:

7.(46). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN FAVOR DA PAZ, CONTRA O MILITARISMO E PARA FREAR AS CONSECUCIAS DA GUERRA. EXPTE. 5390/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5326/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EN FAVOR DA PAZ, CONTRA O MILITARISMO E PARA FREAR AS CONSECUCIAS DA GUERRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A escalada militarista e belicista desencadeada polos Estados Unidos e os seus aliados está a levar o mundo a unha crise de consecuencias imprevisíbeis.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 40 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O ataque militar perpetrado polos Estados Unidos e Israel contra o Irán pon en risco a vida da poboación civil, ameaza a estabilidade de todo Oriente Medio cun perigo inminente de guerra aberta e abre as portas a unha nova crise enerxética mundial que pagarán as clases populares e que afectará ao conxunto da economía.

Desde o seu inicio esta agresión militar xa ten provocado a morte de varios millares de persoas, ducias de millares de feridas e destrución ou danos en preto de 62 mil vivendas, 19 mil negocios, 275 centros médicos e 500 escolas (datos da Media Lúa Vermella). Aliás, tense producido unha forte escalada no conflito a nivel rexional, nomeadamente pola ofensiva militar de Israel en contra do Líbano, onde xa se superaron o millar de mortes, e a expulsión de máis de 800 mil persoas (entre elas 285 mil crianzas) dos seus fogares convertidas en refuxiadas segundo datos de organizacións como Médicos Sen Fronteiras ou a UNRWA.

E a situación na Palestina, singularmente na faixa de Gaza, inda que opacada e afastada do foco internacional, continúa a estar marcada pola violencia do réxime sionista con 700 mortes desde a sinatura do acordo de cesar o fogo do 10 de outubro de 2025, totalizando en máis de 72 mil as persoas mortas e 171 mil feridas desde o inicio da agresión de Israel. Mantense a ocupación por parte de Israel do territorio Palestino e o seu réxime de apartheid, ao que se engade a falla dun suficiente acceso da axuda humanitaria para paliar a fame xeneralizada (alertada pola propia ONU) ou brindar asistencia sanitaria.

A agresión contra O Irán é, por tanto, unha nova e gravísima vulneración da soberanía dos pobos, do Dereito internacional e da Carta das Nacións Unidas. Pretende lexitimar a lei do máis forte e dinamita calquera posibilidade de diálogo e de solución negociada dos conflitos. A historia repítese. Os mesmos que nos venderon a guerra de Iraque coas falsas armas de destrución masiva son os que agora inventan novas ameazas para xustificar os seus bombardeos.

Esta agresión militar non é un feito illado, senón que se enmarca nun patrón de actuación reiterado das grandes potencias militares e das súas alianzas. As intervencións armadas e os bombardeos preventivos convertéronse nun instrumento habitual de política internacional, con graves consecuencias para a estabilidade global e para o respecto ao dereito internacional.

A estratexia de guerra permanente busca o control dos recursos estratéxicos e a imposición de intereses xeopolíticos pola forza, desprezando a soberanía das nacións e o dereito dos pobos a decidir libremente o seu propio destino.

A sociedade viguesa e a galega no seu conxunto está maioritariamente comprometida coa paz, co multilateralismo, coa legalidade internacional e coa soberanía dos pobos. O pobo galego é contrario á escalada armamentista e avoga pola resolución das controversias e dos conflitos a través do diálogo, da diplomacia e da negociación política.

Ademais, estas novas actuacións imperialistas teñen consecuencias graves non só para os pobos que son albo directo dos ataques, senón no ámbito internacional.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 41 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tamén no noso País, no que vemos como esta escalada belicista empurra un novo encarecemento dos prezos de insumos e produtos básicos, castigando especialmente as clases populares e traballadoras, e incrementa os riscos de seguridade instalando un escenario de inestabilidade global.

Diante dos efectos xa visíbeis da guerra e das súas consecuencias para a maioría social temos que lamentar unha insuficiente e lenta resposta por parte das diferentes administracións. Neste sentido, as medidas aprobadas recentemente polo Goberno español non teñen o alcance necesario e limítanse, no groso, a rebaixas impositivas que non logran conter os prezos. Ao que hai que engadir a deliberada e incomprensíbel inacción da Xunta de Galiza, incapaz de despreñar unha soa medida para protexer a economía e a maioría social do noso País neste contexto. Urxe, por tanto despreñar medidas efectivas de amplo alcance, tal e como xa propuxo o BNG no Congreso e no Parlamento galego, para evitarmos que a factura da guerra acabe por afogar a nosa economía e se traduza nun maior empobrecemento das condicións de vida das galegas e dos galegos.

Neste contexto, carece de todo sentido contribuír ao crecente belicismo e a carreira armamentística que o empurra con actos de exaltación militarista como a celebración do desfile militar do Día das Forzas Armadas que se pretende realizar o vindeiro 30 de maio na nosa cidade. Un acto, que para alén do seu carácter casposo e españolista, é claramente incoherente e incompatíbel coa defensa da paz e un dispendio de recursos públicos absolutamente inxustificábel como acredita que se vaian destinar case 400 mil euros só para as bancadas do desfile. Non se pode pregoar o “Non á Guerra” e despois encher as rúas da maior cidade de Galiza con militares e armas, nun acto que ademais vai ser presidido por unha monarquía española que é un residuo antidemocrático, corrupto e anacrónico. A paz non se constrúe nin alenta con exhibicións de armamento. Non podemos aceptar actos de propaganda que serven para xustificar unha carreira armamentística, da que tamén participa o Goberno español, e que só obedece aos intereses do Imperialismo e da industria da guerra. Nunha cidade como Vigo fundamente comprometida coa paz non caben desfiles militares. A paz deféndese apostando de verdade na xustiza social, na cooperación, na solidariedade internacional e no respecto aos dereitos humanos e a soberanía dos pobos e nacións do mundo.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Manifestar a condena á agresión militar contra o Irán, contraria ao dereito internacional e á Carta das Nacións Unidas, así como ás políticas de guerra e inxerencia que contribúen á escalada bélica e á desestabilización internacional.
2. Facer un chamamento á comunidade internacional, e de xeito especial á Unión Europea, ao Estado español e á Xunta de Galiza, para que adopten medidas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 42 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

concretas dirixidas a frear a escalada bélica, a garantir o respecto ao dereito dos pobos a exercer a súa soberanía sen inxerencias externas e a promover a recuperación das vías de diálogo e solución pacífica das controversias.

3. Rexeitar as ameazas de Trump e demandar ao goberno español que poña fin de maneira definitiva á presenza militar norteamericana en territorio español, á utilización do territorio galego como base de infraestruturas e actividades da OTAN e reclamar a saída do Estado español da OTAN.
4. Opoñerse ao envío por parte do goberno español de medios e material de guerra á zona de conflito.
5. Instar ao Goberno español a adoptar medidas urxentes para conter a inflación, mediante o control de prezos en alimentos, subministracións e combustíbeis, e o establecemento de topes en vivenda e protección fronte a desafiuzamentos; reforzar a actuación da CNMC e aplicar a Lei da Cadea Alimentar; impulsar apoio aos sectores produtivos, ao agro, á pesca, ás PEMES e autónomos; promover soberanía alimentaria e fiscalidade progresiva; actualizar prestacións sociais; habilitar financiamento extraordinario e flexibilizar regras fiscais para administracións, garantindo servizos públicos e eliminando peaxes para reducir custos económicos.
6. Instar a Xunta de Galiza a adoptar medidas fronte á escalada de prezos, promovendo a bonificación dos carburantes para os sectores máis afectados, como o transporte, a pesca e o agrogandeiro; crear un fondo de garantías loxísticas con avais do 100 % para facilitar liquidez ás empresas exportadoras, especialmente PEMES e de capital galego, ante sobrecostos imprevistos; e constituír unha mesa de avaliación da crise como órgano estábel de seguimento e diálogo, coa participación das administracións, tecido empresarial, organizacións sindicais e universidades.
7. Instar ao Goberno municipal a dirixirse ao Ministerio de Defensa para rexeitar a realización na nosa cidade do desfile militar polo Día das Forzas Armadas, previsto para o vindeiro 30 de maio, e a non colaborar nin directa ou indirectamente na súa organización."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de marzo de 2026, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5399/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 43 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Iglesias, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular (5399/1101).

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* vinte e dous (22), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5()), señoras e señores, Benavides Alonso, Garcia González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* non houbo.

ACORDO:

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, e vinte e dous (22) votos en contra, dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.03.26 (Rex. Nº 5390/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "En favor da Paz, contra o militarismo e para frear as consecuencias da guerra", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(47). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE MODIFIQUE O PLAN FUNCIONAL DO SERGAS PARA QUE SIGA MANTENDO A ACTIVIDADE SANITARIA O CENTRO DE SAÚDE NICOLÁS PEÑA. EPXTE. 5392/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5392/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo converten á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria, sendo tamén a que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non obstante, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do Goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/das profesionais sanitarios/as e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado nin comprendido pola Xunta de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 44 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación para a cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e pola desatención da Xunta de Galicia.

E Vigo parece que se converte de novo no punto de ensaio dos experimentos da Xunta de Galicia en materia de sanidade. Non chegou co modelo do Álvaro Cunqueiro, que non volveron repetir en ningún outro lugar de Galicia, senón que pronto abrirá o Olimpia Valencia, que introducirá un novo modelo de atención pediátrica coa concentración das consultas de catro centros de saúde.

Non é un novo centro que nace para aliviar a carga doutros centros de saúde da contorna, senón que a apertura deste centro de saúde significa pechar o centro de saúde de López Mora, algo que saíu á luz hai tempo, pero tamén pechar o centro de saúde do Nicolás Peña, situación que se coñeceu máis recentemente; ademais, pretenden concentrar a atención pediátrica de varios centros de saúde.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes

ACORDOS:

- Esixir á Xunta de Galicia que modifique o plan funcional do SERGAS para que siga mantendo a actividade sanitaria no Centro de Saúde Nicolás Peña, a pesar da apertura do novo centro de saúde Olimpia Valencia.
- Esixir á Xunta de Galicia a que manteña a actividade asistencial no Centro de Saúde de López Mora, tras proceder á oportuna reforma das instalacións actuais.
- Esixir á Xunta de Galicia a convocatoria de todas as prazas vacantes en todos os centros de saúde e puntos de atención continuada de Vigo."

Mediante escrito presentado no rexistro electrónico do Rexistro Xeral con data de entrada do 27 de marzo de 2026, o voceiro do BNG, Sr. Pérez Iglesias, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5404/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5404/1101).

VOTACIÓN:

• *Votos a favor:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 45 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra*: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez

•*Abstencións*: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2026 (Rex. Nº 5392/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Instando á Xunta de Galicia que modifique o plan funcional do SERGAS para que siga mantendo a actividade sanitaria o centro de saúde Nicolás Peña*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(48). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A QUE ACHEGUEN A MESMA CANTIDADE QUE O CONCELLO PARA A AMPLIACIÓN DA GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIOS. EXPTE. 5393/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5393/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa cidade está preparada para dar un paso histórico: ser sede do Mundial de Fútbol 2030. Non falamos só de fútbol. Falamos de futuro, de orgullo, de desenvolvemento económico, de proxección internacional. Falamos de seguir situando a Vigo no lugar que lle corresponde no mapa do mundo.

Somos unha cidade que demostrou, unha e outra vez, que sabe estar á altura dos grandes retos. Unha cidade industrial, innovadora, traballadora, cunha identidade forte e cunha paixón polo deporte que se sente en cada barrio, en cada rúa e en cada xeración.

Vigo ten que ser recoñecida, dunha vez por todas, como sede do Mundial de Fútbol 2030. Cómpre lembrar que nin a Xunta de Galicia nin a Deputación de Pontevedra asinaron a petición oficial para conseguir ser sede.

Pero tamén somos unha cidade que sabe que os obxectivos non se cumpren sós. Constrúense. E hoxe ese obxectivo pasa, necesariamente, pola modernización do noso estadio, pola construción da grada de Tribuna.

A grada de Tribuna non é só unha obra. É un investimento estratéxico. É a peza clave para cumprir cos estándares internacionais que esixe un evento desta magnitude. E é



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 46 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

obrigado que todas as administracións públicas se comprometan a realizar as achegas económicas necesarias a partes iguais.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que acheguen a mesma cantidade que o Concello de Vigo para a obra de ampliación da grada de Tribuna do estadio de Balaídos, comezando xa pola execución das obras de desprazamento dos colectores.”

Mediante escrito presentado no rexistro electrónico do Rexistro Xeral con data de entrada do 26 de marzo de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5404/1101.

Mediante escrito presentado no rexistro electrónico do Rexistro Xeral con data de entrada do 27 de marzo de 2026, o voceiro do BNG, Sr. Pérez Iglesias, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5405/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas, pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5400/1101) e polo voceiro do grupo municipal do BNG (5405/1101).

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 47 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2026 (Rex. Nº 5393/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que acheguen a mesma cantidade que o Concello para a ampliación da grada de Tribuna do Estadio de Balaídos*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(49). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A POÑER EN MARCHA UN PLAN ESPECÍFICO DE CUBRICIÓN DE PATIOS NOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS VIGUESES. EXPTE. 5394/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5393/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros educativos da nosa cidade desempeñan unha función esencial na formación e desenvolvemento integral do alumnado vigués.

Garantir unhas condicións dignas e adecuadas nos centros educativos públicos vigueses debería ser unha prioridade da Xunta de Galicia, dado que a competencia en materia educativa lle corresponde á Administración autonómica.

A pesar desta realidade, o Goberno da Xunta de Galicia, presidido por Alfonso Rueda e xestionado polo Partido Popular de Galicia, ten esquecidos os colexios vigueses que contan cunhas infraestruturas que necesitan ser renovadas e adaptadas ás novas necesidades educativas.

Ademais, moitos deles carecen de infraestruturas adecuadas que permitan o uso dos espazos exteriores en condicións climáticas adversas, reducindo, deste xeito, as oportunidades de lecer, actividade física e socialización do alumnado durante os recreos e outras actividades educativas.

A cubrición de patios non é un luxo, senón unha necesidade que contribúe a:

- Garantir o uso continuado dos espazos exteriores durante todo o ano.
- Promover hábitos de vida saudables mediante a actividade física.
- Mellorar a calidade de vida do alumnado e a calidade do sistema educativo público.
- Favorecer a conciliación de actividades escolares e extraescolares.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha, de maneira urxente, un plan específico de cubrición de patios nos centros educativos públicos vigueses.
- Solicitar a inclusión nos orzamentos autonómicos dunha partida específica destinada á cubrición de patios escolares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 48 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Reclamar á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias en materia educativa, evitando trasladar esta responsabilidade aos concellos.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* vinte (20), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Abstencións:* Non houbo.

ACORDO:

Con vinte (20) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2026 (Rex. Nº 5394/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*Instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan específico de cubrición de patios nos centros educativos públicos vigueses*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

11.(50). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A QUE DESTINEN Á FESTA DA RECONQUISTA DE VIGO A MESMA ACHEGA ECONÓMICA QUE REALIZA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5395/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5395/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estes días volvemos reunirnos nas nosas rúas, nos nosos barrios, no corazón desta cidade que nunca se rende, para celebrar algo máis ca unha festa: celebramos a nosa historia, o noso orgullo e a nosa identidade como viguesas e vigueses.

A Festa da Reconquista non é só un recordo do pasado. É a demostración viva do que somos capaces de facer cando este pobo se une. En 1809, Vigo escribiu unha páxina única na historia: fomos a primeira cidade de Europa en expulsar o exército



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 49 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

napoleónico. E fixémoslo con valentía, con determinación e con ese carácter que aínda hoxe nos define.

Pero esta festa non quedou ancorada na historia. A Reconquista evolucionou co Vigo de hoxe. O que comezou como unha conmemoración converteuse nunha das grandes celebracións de Galicia e de España. Cada ano medra, cada ano énchese máis de vida, de participación, de comercio local, de cultura, de música e de alegría.

Conseguimos que toda a cidade se implique. Asociacións, veciñanza, estudantado, hostalaría, comercio... todos formando parte dun proxecto común. Porque a Reconquista é tamén motor económico, é impulso para a nosa cidade, é proxección cara ao exterior. Vigo amósase ao mundo como o que é: unha cidade moderna, dinámica, pero profundamente orgullosa das súas raíces.

E non nos imos deter aquí. O futuro da Reconquista pasa por seguir medrando, por innovar, por facela aínda máis participativa, máis inclusiva e máis sostible. Queremos que as novas xeracións a sintan como propia, que a vivan coa mesma emoción que quen a viu nacer. Queremos que siga sendo un espazo de encontro, de convivencia e de celebración colectiva.

Imos seguir apoiando esta festa con máis recursos económicos e de todo tipo, con máis organización e con máis ambición. Porque cando Vigo aposta por algo, convérteo nun referente. E a Reconquista xa o é.

Pero esta proxección require do apoio económico de todas as administracións, non só do Concello de Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que destinen á Festa da Reconquista de Vigo a mesma achega económica ca a que realiza o Concello de Vigo, co fin de seguir potenciando esta festa e acadar obxectivos como a declaración de Festa de Interese Turístico Internacional."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25); dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 50 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2026 (Rex. Nº 5395/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*Instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que destin4en á Festa da Reconquista de Vigo a mesma achega económica que realiza o Concello de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.(51). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA PARA O ASEGURAMENTO DE RUTAS NACIONAIS E INTERNACIONAIS DENDE O AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 5396/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5396/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa defendimos en repetidas ocasións, os aeroportos son unhas infraestruturas clave para unha rexión e, tamén, para unha cidade como Vigo.

A configuración da xeografía e orografía de Galicia fai que sexa necesario manter a nosa infraestrutura aeroportuaria e dotar de rutas aos aeroportos que favorezan a mobilidade persoal pero tamén a que ten que ver con motivos económicos do tecido produtivo singular da nosa cidade. Hai que recordar que a poboación de Vigo e da súa área metropolitana e de influencia directa ronda as 800.000 persoas e unhas 40.000 empresas que fan uso das conexións aéreas do Aeroporto de Vigo.

En datas pasadas tivo lugar unha reunión entre AENA, a Xunta de Galicia e representantes das Administracións locais para establecer as bases dunha cooperación entre Administracións e dun trato igualitario aos tres aeroportos de Galicia.

O ente aeroportuario (AENA) presentou un informe no que non só identificou os destinos de cada aeroporto senón que tamén confirmou as cifras do seu apoio económico. A Administración autonómica, por medio do Conselleiro de Presidencia, comprometeu apoio económico igualitario para promoción de rutas aeroportuarias, aínda que non deu cifras exactas. En todo caso, é preciso recordar que tanto por número de residentes como de empresas establecidas no noso territorio, como pola diversidade dos destinos turísticos, Vigo merece, polo menos, un apoio da Administración autonómica e da Administración provincial similar ao cuantificado e comprometido por AENA.

Á vista da recente redución de conexións nos aeroportos galegos, non se pode esperar máis e é preciso que se comprometan cifras concretas, tanto por parte da Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 51 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Galicia como pola Deputación de Pontevedra, para que poidan xerarse os créditos orzamentarios nos Concellos para poder realizar as actuacións de promoción de rutas nacionais e internacionais para manter e fortalecer o noso tecido socioeconómico e estar en condicións de defendernos das políticas aeroportuarias que, dende Portugal pero tamén dende outras cidades, están reducindo as capacidades e as potencialidades do aeroporto de Vigo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes,

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a que asigne unha dotación orzamentaria concreta, para asegurar rutas nacionais e internacionais dende o Aeroporto de Vigo, e que dita cantidade sexa igual á que aporta o Concello de Vigo.
- Instar á Deputación de Pontevedra, a que asigne unha dotación orzamentaria concreta, para asegurar rutas nacionais e internacionais dende o Aeroporto de Vigo, e que dita cantidade sexa igual á que aporta o Concello de Vigo.
- Que as axudas da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra se aporten ao Concello de Vigo para permitir xerar os créditos orzamentarios axeitados cos que instrumentar publicidade coas compañías aéreas para fomentar a súa implantación no aeroporto de Vigo."

Mediante escrito presentado no rexistro electrónico do Rexistro Xeral con data de entrada do 26 de marzo de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5398/1101.

Mediante escrito presentado no rexistro electrónico do Rexistro Xeral con data de entrada do 27 de marzo de 2026, o voceiro do BNG, Sr. Pérez Iglesias, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5406/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas, pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5398/1101) e polo voceiro do grupo municipal do BNG (5406/1101).

VOTACIÓN:

- *Votos a favor:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- *Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 52 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

•*Abstencións:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.03.2026 (Rex. Nº 5396/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*Instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra á consignación orzamentaria para o aseguramento de rutas nacionais e internacionais dende o Aeroporto de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

13.(52). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO DE VIGO A DIALOGAR E PACTAR COAS ENTIDADES SOCIAIS E VECIÑAIS DE TEIS, PROXECTOS ESTRATÉXICOS DO BARRIO COMO A HUMANIZACIÓN DO MONTE DA GUÍA E A PRAIA ARTIFICIAL DE A PUNTA. EXPTE. 5391/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de marzo de 2026, número 5391/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos diversas entidades sociais e veciñais de Teis manifestaron o seu asombro ante os proxectos anunciados polo Goberno Local para a contorna do Monte da Guía e a praia da Punta.

Estes colectivos denuncian unha absoluta falta de diálogo coa veciñanza por parte do goberno municipal e critican as actuacións previstas ao consideralas parches illados ou intervencións artificiais innecesarias que non contemplan unha mellora real para o barrio.

No Monte da Guía, o proxecto actual limítase ao acceso final á Ermida, ignorando a necesaria humanización e accesibilidade universal da rúa Dona Fermina, que reivindicamos como necesaria e axeitada. Cómpre lembrar que xa en 2016 e 2018 existiron proxectos de mellora para estas beirarrúas que foron abandonados sen explicación sobre o destino dos fondos orzamentados.

En canto á Praia da Punta, a proposta de instalar unha "piscina natural" con pantaláns e espigóns levanta as reservas destas entidades ao considerar que a mesma podería



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 53 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contar cun novo recheo no litoral máis aló das estruturas flotantes. E nese senso denuncian falla de información criticando a ausencia de diálogo coas entidades sociais e veciñais implicadas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal a redactar un proxecto integral para o Monte da Guía que inclúa a humanización completa da rúa Dona Fermina, garantindo a accesibilidade universal á zona.
2. E se o que se pretende é potenciar o Miradoiro, será necesario:
 - a. A creación dun aparcadoiro público para turistas e autobuses, antes dese acceso final, para ordenar a chegada de visitantes.
 - b. Recuperar e pór en valor os inmobles existentes, nomeadamente a antiga cafetaría para o uso das comunidades parroquiais e centro de atención a visitantes
 - c. Así como poder contar coa presenza de aseos e unha dotación adecuada de servizos públicos
 - d. Mellora e reforzo do transporte público en todo o Barrio de Teis
3. Instar ao goberno municipal a abrir un proceso de diálogo real e contar coa opinión da veciñanza en relación co proxecto de creación dunha piscina natural para a praia da Punta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor:* oito (8) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas
- Votos en contra:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Abstencións:* Non houbo

ACORDO:

Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 54 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.03.26 (Rex. Nº 5391/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "*Instando ao Concello de Vigo a dialogar e pactar coas entidades sociais e veciñais de Teis, proxectos estratéxicos do barrio como a humanización do Monte da Guía e a praia artificial de A Puntados membros do grupo municipal do BNG (3)*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓNS.

14.(53) RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O MARCO ORZAMENTARIO PARA O PERIODO 2027-2029; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 102/142. (EXPTE. PLENO 5348/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución, de data 03.03.26, que di o que segue,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAFP para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

- Entidade Local, matriz
- Xerencia Municipal de Urbanismo
- Fundación: MARCO
- Fundación: C.BUREAU
- Fundación: LISTE

O Marco orzamentario está previsto para o período 2027-2029, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2025 e a previsión da liquidación do ano 2026.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, con fundamento nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 55 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAFP e que terán que ser remitidos antes das 24 horas do día 16/03/2026.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2026 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións dependentes: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU, para o período 2027-2029 que servirá de base para a elaboración dos Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

LIQUIDACIÓN DO ESTADO CONSOLIDADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2026 E MARCO ORZAMENTARIO 2027-2029.

Non se incorpora o detalle por cada ente do perímetro de consolidación, por estar este reflectido nos documentos e informe que figuran no expediente.

ESTADO CONSOLIDADO DE GASTOS

Capítulo	2026		%	Estimado Obl.Recoñecidas	PREVISIÓN. Creditos iniciais		
	Créd. iniciais	Créd. definitivos			2027	2028	2029
1	88.838.895,08	88.656.227,08	83,12 %	73.691.146,61	93.636.981,25	96.371.339,84	97.817.595,60
2	178.283.784,63	188.270.602,68	93,89 %	176.764.687,19	181.834.881,69	185.455.171,14	189.144.250,64
3	60.980,00	60.980,00	95,04 %	57.953,50	69.582,65	69.886,81	70.192,50
4	36.960.463,86	37.031.518,08	94,29 %	34.915.542,18	37.823.109,08	38.707.071,26	39.480.559,49
5	600.000,00	600.000,00	0,00 %	,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
G. Corrent	304.744.123,57	314.619.327,84	90,72 %	285.429.329,48	313.964.554,67	321.203.469,06	327.112.598,23
6	44.581.710,38	178.082.820,88	54,81 %	97.611.468,41	35.889.045,36	33.288.941,10	31.815.243,30
7	1.720.151,00	9.520.922,08	55,35 %	5.269.977,41	1.630.154,02	1.660.757,10	1.691.972,24
G. capital	46.301.861,38	187.603.742,96	54,84 %	102.881.445,82	37.519.199,38	34.949.698,20	33.507.215,54
G. Non Fir	351.045.984,95	502.223.070,80	77,32 %	388.310.775,30	351.483.754,05	356.153.167,26	360.619.813,77
8	532.000,00	5.032.000,00	97,36 %	4.899.000,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	351.577.984,95	507.255.070,80	77,52%	393.209.775,30	352.015.754,05	356.685.167,26	361.151.813,77



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 56 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ESTADO CONSOLIDADO DE INGRESOS

Capítulo	2026				PREVISIÓN. Credits iniciais		
	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Estimado	2027 2028 2029		
				Der. Rcoñecidos	2027	2028	2029
1	127.979.057,93	127.979.057,93	100,00%	127.979.057,93	130.171.631,41	132.178.509,59	134.161.187,24
2	15.094.806,64	15.094.806,64	100,00%	15.094.806,64	16.001.930,65	16.241.959,61	16.485.589,00
3	51.288.439,02	51.288.439,02	101,16%	51.882.682,41	52.113.104,22	52.946.565,81	53.793.222,25
4	126.055.757,29	126.293.792,38	105,09%	132.716.638,21	136.508.602,77	138.032.012,39	139.368.636,15
5	6.498.500,00	26.998.500,00	99,63%	26.898.575,00	6.563.485,00	6.629.119,85	6.686.179,14
I. Corrente	326.916.560,88	347.654.595,97	101,99%	354.571.760,19	341.358.754,04	346.028.167,26	350.494.813,78
6	671.832,77	22.671.832,77	100,00%	22.671.832,77	,00	,00	,00
7	23.457.591,30	23.457.591,30	60,44%	14.177.752,08	10.125.000,00	10.125.000,00	10.125.000,00
I. capital N	24.129.424,07	46.129.424,07	79,88%	36.849.584,85	10.125.000,00	10.125.000,00	10.125.000,00
Total I. NF	351.045.984,95	393.784.020,04	99,40%	391.421.345,04	351.483.754,04	356.153.167,26	360.619.813,78
8	532.000,00	113.471.050,76	0,35%	399.000,00	532.000,00	532.000,00	532.000,00
Total	351.577.984,95	507.255.070,80	77,24%	391.820.345,04	352.015.754,04	356.685.167,26	361.151.813,77

AXUSTES CONSOLIDACIÓN

Axustes Consolidación				
Fundación	2026	2027	2028	2029
LISTE	127.000,00	129.540,00	132.130,80	134.773,42
XMU	6.273.000,00	6.398.460,00	6.526.429,20	6.656.957,78
MARCO	895.000,00	785.400,00	801.108,00	817.130,16
CB	500.000,00	510.000,00	520.200,00	530.604,00

AXUSTES RECADACIÓN

Axustes DRN por Recadación	
1	-2.288.151,10
2	20.609,74
3	-1.890.120,32
Total	-4.157.661,68

Axustes FMRR

Administración	Importe
Gastos	3.361.629,81
Ingresos	1.019.138,49
A. Concello	-2.342.491,32
Gastos	2.628.502,88
Ingresos	0,00
A. XMU	-2.628.502,88

Axuste pola diferenza da entrega a conta de decembro do ano 2025 e decembro do ano 2026.



CN	CL	Importe
D/2025	X/2026	12.732.380,00
D/2026	X/2027	10.509.845,00
Diferencia		-2.222.535,00

Desagregación por impostos segundo requirimento, capítulos 1 e 2, coa cesión de tributos (IRPF, IVE e II.EE) aparte, así como no capítulo 4, separación do FCC do resto das transferencias e subvencións.

Concept	2026	2027	2028	2029	
IBI	78.507.723,00	78.507.723,00	79.685.338,85	80.880.618,93	82.093.828,21
BICI	3.212.560,00	3.212.560,00	3.260.748,40	3.309.659,63	3.359.304,52
IAE	14.960.000,00	14.960.000,00	15.184.400,00	15.412.166,00	15.643.348,49
IVTM	15.367.391,00	15.367.391,00	15.308.587,70	15.533.110,94	15.766.107,60
IV/TNU	5.500.000,00	5.500.000,00	5.665.000,00	5.778.300,00	5.864.974,50
ICIO	4.501.000,00	4.501.000,00	4.775.603,22	4.777.509,63	4.849.172,28
T.Turistica	2.100.000,00	2.100.000,00	2.131.500,00	2.163.472,50	2.195.924,59
irpf+ive+iee	19.575.130,00	19.575.130,00	20.162.383,90	20.565.631,58	20.874.116,05
Suma	143.723.804,00	143.723.804,00	146.173.562,06	148.420.469,20	150.646.776,24
FCF+Liq	110.042.980,00	110.042.980,00	112.539.269,40	113.614.054,79	114.621.065,61

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado)

CÁLCULO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA						
Capítulo	D.Axustados	Obrigas	2026 Sperávit/déficit	2027	2028	2029
1	125.690.906,83	73.691.146,61				
2	15.115.416,38	176.764.687,19				
3	49.992.562,09	57.953,50				
4	132.716.638,21	34.915.542,18				
5	26.898.575,00	0,00				
O.corrente	350.414.098,51	285.429.329,48	64.984.769,03	27.394.199,38	24.824.698,20	23.382.215,55
6	22.671.832,77	97.611.468,41				
7	14.177.752,08	5.269.977,41				
Op. Capita	36.849.584,85	102.881.445,82	-66.031.860,97	-27.394.199,39	-24.824.698,20	-23.382.215,54
O.N.financ	387.263.683,36	388.310.775,30	-1.047.091,94	0,00	0,00	0,00
	Axuste CN, PTE		-2.222.535,00			
	Axuste CN, liquidación 2020		,00			
	Axustes polos FMRR		2.342.491,32			
	Axuste Xerencia MRR		2.628.502,88	,00		
Capacidade de financiamento			1.701.367,26	,00	0,00	0,00

REGRA DE GASTO 2026



Grupo	GNF2025	Límite GNF	GNF execut.P	Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF							Outros	Consolidac.	Ax. recad.	GNF axustado
				IFS	F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Venta act.					
Concello	258.760.423,85	267.817.038,68	377.364.187,43	31.507.500,00	3.851.402,95	11.591.786,79	10.856.551,16	15.851.333,69	22.000.000,00	836.503,50	7.795.000,00	7.548.559,56	265.525.549,78	
XMU	11.087.990,07	11.476.069,72	16.559.115,27	,00	,00	824.150,02	2.834.540,38	,00		,00	,00	,00	12.900.424,87	
MARCO	1.078.207,62	1.115.944,89	1.270.882,18										1.270.882,18	
LISTE	129.250,32	133.774,08	131.179,50										131.179,50	
C.BUREAU	701.010,90	725.546,28	780.410,92										780.410,92	
	271.756.882,76	281.268.373,66	396.105.775,30	31.507.500,00	3.851.402,95	12.415.936,81	13.691.091,54	15.851.333,69	22.000.000,00	836.503,50	7.795.000,00	7.548.559,56	280.608.447,25	

REGRA DE GASTO 2027-2029

Capítulo	Inxecución			Fundacións	Financiación afectada/axuste TUC			Limite gasto e gasto executado axustado		
	2027	2028	2029		2027	2028	2029	2027	2028	2029
Limite								290.831.498	300.138.106	309.742.526
1	16.854.656,63	16.383.127,77	15.650.815,30					76.782.325	79.988.212	82.166.780
2	9.091.744,08	7.418.206,85	5.674.327,52		14.152.919,35	15.435.977,74	15.667.517,41	158.590.218	162.600.987	167.802.406
3	0,00							69.583	69.887	70.192
4*	1.512.924,36	1.161.212,14	1.184.416,78	779.000,00	5.476.194,26	5.585.718,15	5.669.503,92	30.054.990	31.181.141	31.847.639
6	2.153.342,72	1.664.447,06	1.590.762,17		10.125.000,00	9.922.500,00	10.023.750,00	23.610.703	21.701.994	20.200.731
7*	81.507,70	66.430,28	67.678,89	125.000,00				1.423.646	1.594.327	1.624.293
Total	29.694.175,50	26.693.424,10	24.168.000,65					290.531.465	297.136.547	303.712.042

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda e Función Pública polos medios telemáticos habilitados ao efecto (oficina virtual).

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión na oficina virtual antes das 24 horas do día 16 de marzo de 2026.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 23 de marzo, quedou informada desta resolución.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución, de data 03.03.26, pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2027-2029. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

15.(54). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 16/02/26 E O 18/03/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5385/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26, incluídas no expediente 5385/1101.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 59 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16.(55). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 16/02/26 E O 18/03/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5386/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26, incluídas no expediente 5386/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

17. FORMULACIÓN DE ROGOS.

17.1.(56). Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que diante das reiteradas incidencias e cortes de subministro, nomeadamente os barrios e parroquias, o Goberno municipal encargue unha auditoría da rede de abastecemento de auga e despregue un plan de investimentos urxentes para a súa mellora.»

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

17.2.(57). Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra Sánchez Méndez. «Rogamos que este goberno municipal inste ao Ministerio de Xustiza a que actúe sobre o antigo cárcere da Avenida de Madrid, ou ben a desafecte para levar a cabo un proxecto municipal».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

18. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

18.1.(58). Pregunta formulada pola concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña «¿Canto tempo máis vai seguir castigando o Goberno municipal ás persoas usuarias das instalacións deportivas municipais, como os ximnasios do Carme e do Berbés, que seguen a padecer feches intermitentes pola estrutural falla de persoal municipal sen ter podido facer uso con normalidade das mesmas practicamente ningún mes no último ano?».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 60 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

18.2.(59). Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Ten este goberno municipal algún plan alternativo para compensar economicamente ás comisións de festas de nosos barrios e parroquias pola perda de ingresos, consecuencia do veto as atraccións de feira que volve a comprometer o sua celebración normal este verán?».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario marzo 2026
 Legislatura: Mandato 2023-2027
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Lunes, 30 de Marzo de 2026 09:03:57
 Fecha Fin : Lunes, 30 de Marzo de 2026 12:54:24
 Duración : 03:50:27

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3647

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.0 GiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/s90yvTGrVYUVMiUEKp1vSQN7vGK550wY3DwHgbg5wtvLEady.wmv>
 SHA512 - c7a18cff637c7c00da8660f2c9feb75e48fa34ed11ad8480a3d77604f0a7cc2a5a473f6560a4c1270f63bc5bf1b86f20cccc4fd1762f25401904ac4bc50f5c43

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.3 GiB
 Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/FzzIFGu0YVIZToSWFwEy01oaIP2U2aa707kpTEm0qV5ZA9HK.mp4>
 SHA512 - b74b8485f4fbc3e336099bbabcfcb0dde9da90b035540205664633b06b12cde4e661cc1d9636b3ac9c7722e7e35eaffb6d0b840b79fcaa8f1705ae2bfa2ed54

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Preside a sra. Silva Rego, Carmen, Interventor; Secretario; Oradoras invitadas; Asiento 5; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M^a del Carmen; Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Méndez, Luisa María; Martín Peña, José Miguel; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 61 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:00:04 - Silva Rego, Carmen
- 00:00:26 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 23 de febreiro, extraordinaria do 12 de marzo e extraordinaria e urxente do 24 de marzo do 2026.
- 00:00:45 : 2. Declaración Institucional con motivo do 8 de abril, Día Internacional do Pobo Xitano. Expte. Pleno 5379/1101.
- 00:01:33 - Oradora invitada
- 00:04:48 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:06 : 3. Seguimento Plan Anual Normativo do Concello de Vigo para o ano 2025; dación de conta. Expediente 1742/110 (Expte. Pleno 5349/1101).
- 00:06:22 - López Font, Carlos
- 00:11:22 - Silva Rego, Carmen
- 00:11:34 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:16:37 - Silva Rego, Carmen
- 00:16:44 - Martín Peña, José Miguel
- 00:21:02 - Silva Rego, Carmen
- 00:21:09 - López Font, Carlos
- 00:24:17 - Silva Rego, Carmen
- 00:24:28 : 4. Solicitud de compatibilidade de funcionaria de carreira. Expediente 47844/220 (Expte. Pleno 5347/1101).
- 00:24:41 - Votación [9:28:40]
- 00:25:16 : 5. Modificación Orzamentaria 22/2026 do Orzamento do Concello de Vigo para 2026, aprobación inicial; expte. 101/142. (Expte. Pleno 5337/1101).
- 00:25:22 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:25:36 - Silva Rego, Carmen
- 00:26:01 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:31:58 - Silva Rego, Carmen
- 00:32:04 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:39:07 - Silva Rego, Carmen
- 00:39:27 - García González, Patricia
- 00:46:57 - Silva Rego, Carmen
- 00:48:39 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:53:08 - Silva Rego, Carmen
- 00:59:17 - Silva Rego, Carmen
- 00:59:28 - Voto particular BNG
- 00:59:44 - Voto modificación orzamentaria
- 00:59:57 : 6.- Modificación Orzamentaria 2/2026 da Xerencia Municipal de Urbanismo para 2026, aprobación inicial; Expte. 18735/407 (Expte. Pleno 5384/1101).
- 01:00:14 - Voto particular BNG
- 01:00:31 - Voto modificación orzamentaria
- 01:00:46 - Minuto de silencio por vítimas de violencia de xenero
- 01:02:35 - Silva Rego, Carmen
- 01:02:48 : 7. Moción do grupo municipal do BNG en favor da Paz, contra o militarismo e para frear as consecuencias da guerra. Expte. 5390/1101.
- 01:02:59 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:08:13 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:08:20 - Martín Peña, José Miguel
- 01:13:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:13:27 - López Font, Carlos
- 01:18:29 - Silva Rego, Carmen
- 01:18:34 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:21:40 - Silva Rego, Carmen
- 01:21:47 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 62 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:21:52 - Silva Rego, Carmen
 01:21:58 - Votación [10:25:54]
- 01:22:14 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que modifique o plan funcional do SERGAS para que siga mantendo a actividade sanitaria o centro de saúde Nicolás Peña. Expte. 5392/1101.
- 01:22:37 - Espinosa Mangana, Elena
 01:27:34 - Silva Rego, Carmen
 01:27:39 - Martínez Piñeiro, Ana
 01:32:25 - Silva Rego, Carmen
 01:32:28 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:37:32 - Silva Rego, Carmen
 01:37:42 - Espinosa Mangana, Elena
 01:40:42 - Silva Rego, Carmen
 01:40:53 - Votación [10:44:48]
- 01:41:15 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que acheguen a mesma cantidade que o Concello para a ampliación da grada de Tribuna do estadio de Balaidos. Expte. 5393/1101.
- 01:41:33 - López Font, Carlos
 01:46:39 - Silva Rego, Carmen
 01:46:43 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:51:50 - Silva Rego, Carmen
 01:51:54 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:57:00 - López Font, Carlos
 01:59:11 - Silva Rego, Carmen
 01:59:35 - López Font, Carlos
 02:00:31 - Silva Rego, Carmen
 02:08:22 - Silva Rego, Carmen
 02:08:46 - Votación [11:12:20]
- 02:09:05 : 10. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan específico de cubrición de patios nos centros educativos públicos vigueses. Expte. 5394/1101.
- 02:09:31 - Alonso Suarez, María Olga
 02:14:32 - Silva Rego, Carmen
 02:14:45 - Abalde Comesaña, Filipe
 02:19:47 - Benavides Alonso, Daniel
 02:24:37 - Alonso Suarez, María Olga
 02:27:48 - Silva Rego, Carmen
 02:27:59 - Votación [11:31:54]
- 02:28:12 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a que destinen á Festa da Reconquista de Vigo a mesma achega económica que realiza o Concello de Vigo. Expte. 5395/1101.
- 02:28:32 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:33:05 - Silva Rego, Carmen
 02:33:10 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:37:55 - Silva Rego, Carmen
 02:38:03 - Sanchez Méndez, Luisa María
 02:42:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:42:54 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:45:18 - Silva Rego, Carmen
 02:47:08 - Votación [11:50:34]
- 02:47:21 : 12. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra á consignación orzamentaria para o aseguramento de rutas nacionais e internacionais dende o aeroporto de Vigo. Expte. 5396/1101.
- 02:47:44 - Aneiros Pereira, Jaime



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 63 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:52:39 - Silva Rego, Carmen
- 02:52:43 - Pérez Iglesias, Xabier
- 02:57:49 - Silva Rego, Carmen
- 02:57:52 - Sanchez Méndez, Luisa María
- 03:02:58 - Silva Rego, Carmen
- 03:03:05 - Aneiros Pereira, Jaime
- 03:06:09 - Silva Rego, Carmen
- 03:06:17 - Votación [12:10:12]
- 03:06:19 - Silva Rego, Carmen

- 03:06:36 : 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo a dialogar e pactar coas entidades sociais e veciñais de Teis, proxectos estratéxicos do barrio como a humanización do Monte da Guía e a praia artificial de A Punta. Expte. 5391/1101.
- 03:06:57 - Sanchez Méndez, Luisa María
- 03:11:44 - Silva Rego, Carmen
- 03:11:48 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:16:40 - López Font, Carlos
- 03:21:47 - Silva Rego, Carmen
- 03:22:10 - Sanchez Méndez, Luisa María
- 03:25:09 - Silva Rego, Carmen
- 03:28:41 - Votación [12:32:41]

- 03:29:02 : 14. Resolución pola que se aproba o Marco Orzamentario para o período 2027-2029; dación de conta. Expediente 102/142. (Expte. Pleno 5348/1101).
- 03:29:21 - Aneiros Pereira, Jaime
- 03:31:30 - Silva Rego, Carmen
- 03:31:33 - Pérez Iglesias, Xabier
- 03:36:36 - Silva Rego, Carmen
- 03:36:44 - García González, Patricia
- 03:37:15 - García González, Patricia
- 03:41:46 - Silva Rego, Carmen
- 03:41:52 - Silva Rego, Carmen
- 03:42:04 - Aneiros Pereira, Jaime
- 03:45:09 - Silva Rego, Carmen

- 03:45:10 : 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26, incluídas no Expte. Pleno 5385/1101.

- 03:45:26 : 16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 16/02/26 e o 18/03/26,

- 03:45:45 : 17. Formulación de rogos.
- 03:45:59 - Martínez Piñeiro, Ana
- 03:46:19 - Silva Rego, Carmen
- 03:46:38 - Sanchez Méndez, Luisa María
- 03:46:50 - Silva Rego, Carmen

- 03:47:46 : 18. Formulación de preguntas.
- 03:47:54 - Abalde Comesaña, Filipe
- 03:48:24 - Silva Rego, Carmen
- 03:49:10 - Sanchez Méndez, Luisa María
- 03:49:26 - Silva Rego, Carmen
- 03:50:27 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos (12:55)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 64 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 5/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.
am.

A PRESIDENCIA
M^a Carmen Silva Rego

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2026 12:52	Páxina 65 de 65
5426-1101	CSV: A2B2B7-B7B329-D8C44F-SZ2H8K-YWBLNR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		